

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Núm. 2 ● Do 3 ao 9 de febreiro de 1978 ● 25 Ptas.

VIVIR DO MAR SEGUIR NO MAR

A problemática do mar estivo presente esta semana por dous lados. Por unha banda as dificultades cas que se atopan os mariñeiros do fresco (merluza e palometa) diante da invasión, cada vez maior, de bous franceses, factorías rusas e pesqueiros vascos, que, ca súa avanzada tecnoloxía, consiguen, aínda na escasez, considerables capturas, ameazan aos bancos naturais da plataforma continental galega e deterioran as posibilidades económicas de quens, mediante a utilización das artes tradicionais de pesca, poideron vivir do mar. Por outra banda, está o trágico accidente que costou a vida a 27 mariñeiros galegos e que pón unha vez máis en evidencia a falla de seguridade do traballo no mar, así como o seu sometemento a unha lexislación autoritaria que non tén en conta pra nada a opinión e a vontade duns traballadores como de calquer outro ramo.

Ambos acontecementos poñen outra volta de manifesto a necesidade dunha ampla reforma pesqueira galega que recolla as necesidades pra unha planificación axeitada do sector, e incorpore os avances tecnolóxicos que compren e os servizos necesarios pra que o traballo do mar teña garantías dabondo.



Información en páxinas 10 e 11.

Portugal: xiro á dereita



adivinha quem vem roubar?

O novo Goberno portugués, resultante da alianza socialismo-democracia cristiana, impoñerá un plan de medidas restrictivas pra «salvar a democracia» baixo o control do FMI.

Páxina 14

Os debles sin traballo

Un atentado contra do dereito á seguridade no posto de traballo instalouse na lexislación laboral, froito non se sabe se do máis agresivo capitalismo ou dun fascismo soterrado.

Páxina 16

Parlamento

Prepáranse as municipais

Na discusión sobre a futura lei prás Eleccións Municipais, os partidos con representación parlamentaria tentan achegar o testo ás súas respectivas comenencias.

Páxina 13

Desautorizar o «Pacto»

A amplitude xeográfica que tivo a convocatoria contra dos acordos da Moncloa, feita polos sindicatos ING-CC.LL., e a diversidade de clases e sectores sociais que nela estiveron representados, sirven pra con-

trastar o momento presente do movemento social galego con aqueles anos nos que nunca callara unha convocatoria xeral por motivacións político-reivindicativas.

Páxinas 3 e 4



O SEÑOR LEIZAOLA E O MARXISMO

O Presidente do Goberno Vasco no esilio, señor Leizaola, unha especie de Tarradellas, con todas as diferenzas que pode haber entre os dous pobos, pero que pode vir desempeñar o mesmo papel, a pesares de que el di que «estoy dispuesto a retirarme de la vida política», o señor Leizaola, pois, nunha estensa entrevista na que saca a relucir toda a problemática vasca dende a perspectiva dos seus cuarenta anos de esilio e, por suposto, do punto de vista do seu partido, o PNV, publicada polo semanario «Posible» do 26 de xaneiro, di que «El marxismo es una moda pasajera» afirmación que mantén engadindo «Sí, al menos hablando respecto a nuestro país. Una cosa es el sindicalismo, que fue traído por el socialismo y que no es pasajero, y otra el marxismo como tal, considerado como estructura sociológica en lo económico y en lo social».

Hay quen di que o Sr. Leizaola se retira porque está tamén pasado de moda...



«SOLIDARIDADE INTERNACIONAL»

O señor Blas Piñar, «Jefe Nacional» de Fuerza Nueva (...), véu á Coruña dar un mitin, que resultou bastante axitado, e do cal recollemos a seguinte información publicada pola «Voz de Galicia» do día 24.



«Blas Piñar realizó una amplia introducción a la charla, aludiendo a la exaltación de los valores gallegos (...). Citó, con particular interpretación, versos de Rosalía, Cabanillas, Valle Inclán, etc. Especialmente en torno a Rosalía, reiteró aquellos pasajes de «Airiños, airiños aires» y que el jefe de Fuerza Nueva interpretó como dolor de España». Don Blas comparou a Suárez co Licenciado Vidriera e calificouno como «caballero de las botas azules», por aquilo do seu orixen... Rematou decindo «Somos pocos pero escogidos. El próximo año no cabremos en este pabellón».

Don Blas, don Blas, a ónde chegou vostede. Si aínda hai pouco tempo Cabanillas era separatista e pra algúns a mesma Rosalía, que decía aquilo de que «Probe Galicia, non debes chamarte nunca española...». A ónde imos parar don Blas.

Según informa a revista Posible do pasado día 26, Irán parece que financiará a Fuerza Nueva: «Un millón y medio de dólares, es decir, ciento veinte millones de ptas. es la ayuda que irán ha concedido al partido ultraderechista Fuerza Nueva. Una buena parte de esa cifra podría ir destinada a la financiación del periódico diario que pretende editar el grupo de Blas Piñar».

Las razones de tan generosa ayuda no parecen demasiado claras. La única referencia evidente es la similitud ideológica entre Fuerza Nueva y el régimen del Irán, país inmensamente rico gracias al petróleo pero con una mayoría de población que vive en el más inhumano desarrollo...».

Parece, señor Piñar, que non todo o ouro ben de Moscú.

¡AQUI RADIO PSOE

Felipe González, secretario xeral do PSOE, está realizando un viaxe a Arxel, según informa en primeira plana o diario «El País» do pasado día 25. «Con el propósito de negociar con el Gobierno argelino la reducción o la supresión de las actividades propagandísticas y políticas del llamado Movimiento para la Autodeterminación e Independencia del Archipiélago Canario (MPAIAC), el próximo viernes 27 se trasladará a Argel el señor Felipe

González, secretario general del Partido Socialista Obrero Español (PSOE)».



Por outra banda, a revista semanal «Qué» do 30 de Xaneiro, recolle a seguinte información relacionada co PSOE: «El PSOE necesita las ondas. Pero parece que tiene problemas para que las radios comerciales del país le alquilen los espacios. De ahí que haya pensado en la posibilidad de montar una cadena de emisoras. Plan: cubrir todo el territorio nacional con unas cuantas emisoras de media potencia, estratégicamente colocadas».

E de supoñer que se o señor Cubillo emite dende Arxel será porque non tén posibilidade, non xa de montar unha cadena, sinon de facelo dende o seu país. E van e quitanlla...

AS PRISIONS SERAN MILLORADAS...

O señor Hadad Blanco, director xeral de «Instituciones Penitenciarias», según informou a axencia «Europa Press» e publicou a prensa o día 22, declarou á prensa valisoletana «Las cárceles dejarán pronto de ser un manicomio. La reforma penitenciaria prevé la creación de centros especiales, donde serán internados los reclusos clasificados como drogadictos o deficientes mentales».

O que parece deixar claro o señor Blanco, é que os manicomios están, en canto a condicións de trato e vida interna, por debaixo das prisións. O que nos vén demostrar unha vez máis o papel represivo distas institucións.

Neste país, mellor ladrón que tolo.



A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

República de El Salvador, 25, entrechán. Apartado 1031. SANTIAGO. Tlf.: 59 1821

E necesario que haxa un periódico galego semanal. Precisamos 1.000 accionistas, 10.000 suscriptores e moitos colaboradores. Encha os cupóns e reméseos a A NOSA TERRA.

As tarifas dos envíos a Europa e América inclúen os costes de correo e son as seguintes:

	por 6 meses	por 1 ano
Europa	850 pesetas	1.600 pesetas
Argentina	1.175 pesetas	2.300 pesetas
USA, Canadá, Africa		
Sudamérica	1.050 pesetas	2.050 pesetas

<p>DESEXO FACERME ACCIONISTA DA EMPRESA EDITORA «PROMOCIONS CULTURAIS GALEGAS, S. A.»</p> <p>SUSCRIBINDO ACCION/S DE 5.000 PTAS. INGRESANDO O IMPORTE NA Cta. Cte. 4337 DO BANCO SIMEON DE PONTEVEDRA.</p> <p>Nome</p> <p>Enderezo</p> <p>D.N.I.</p> <p>Povoación</p> <p>Profesión</p>	<p>DESEXO SUSCRIBIRME A</p> <p>A NOSA TERRA</p> <p>POR UN ANO <input type="checkbox"/> 1.200 PTAS.</p> <p>POR SEIS MESES <input type="checkbox"/> 850 PTAS.</p> <p>CONTRAREMBOLSO <input type="checkbox"/></p> <p>XIRO POSTAL <input type="checkbox"/></p> <p>Nome</p> <p>Enderezo</p> <p>Povoación</p> <p>Profesión</p>
---	--

ING-CC.LL.

Contestación galega do Pacto da Moncloa

Allariz, Arcade, A Coruña, As Pontes, Arzúa, A Póboa, Carballo, Cangas, Cee, Cambados, O Carballiño, Chantada, Lugo, Monforte, Moaña, Muimenta, Mugardos, Negreira, Noia, O Ferrol, Ourense, Ordes, Pontecaldelas, Porriño, Pontevedra, Portomarín, Quiroga, Rianxo, Ribeira, San Cosme de Barreiros, Sarria, Santiago, Villalba, Viveiro, Vigo, Xinzo de Limia, parroquias da Terrachá, Bergantiños, o Ribeiro, e a bisbarra pontevedresa...

Nestas vilas e cidades galegas espresáronse as diferentes maneiras de participación, por parte de clases e sectores sociais diversos, na «Xornada de loita contra o Pazo da Moncloa» que os sindicatos nacionalistas Intersindical Nacional Galega, ING, e as Comisiós Labregas, CC.LL., decidiran pra o pasado vernés, 27 de xaneiro.


As razóns pra se pronuncian contra o Pacto da Moncloa, por parte da ING, son, en liñas xerais, o considerar que tanto a nivel salarial como de seguridade no posto de traballo se están a sufrir graves perxuícios, destacando o aspecto referido á retroactividade dos acordos, «*co cal todas aquelas milloras que xa tiñamos conseguido nas loitas polos convenios colectivos quedan dun plumazo anuladas; así a cláusula da grande maioría dos convenios que aseguraba pra o presente mes de xaneiro unha suba igual á do custo da vida máis dous ou tres enteiros (un 35 por cen, aproximadamente), porcentaxe que vai quedar reducido, no millor dos casos a un 22.*»

As CC.LL., pola súa banda, consideran que as máis importantes reivindicacións do agro nunca foron estimadas polo Goberno: supresión da cuota, precio do leite e dos demais produtos, e que o Pacto con-

templa proectos anti-agrarios como a implantación de nucleares, e a AN-PG, organización que apoiou, xunto coa UPG, o chamamento pra o vernés 27, puxo especial interés en situar as repercusións que no tocante aos pequenos tendeiros e industriais galegos teñen os acordos da Moncloa, concretizándose nas restricións crediticias, no trato de favor aos monopolios, e na baixa do poder adquisitivo das clases populares nunha economía deteriorada como a galega.

ILLAMENTO E PROHIBICIONS

Nunha situación hostil —representantes dos sindicatos falaríannos da intención de denunciar diante da OIT —Organización Internacional do Traballo— os impedimentos, prohibicións e represión exercida polo Goberno de cara a inutilizar o dereito que teñen a espresar a súa disconformidade coa política económica do mesmo— e mesmo dende as formacións sindicais estatáis que se pronunciaron activamente contra da Xornada do 27, feito que lles valéu o agradecemento público do Goberno Civil de Lugo, por exemplo, e topándose cunha serie de irregularidades como a do Axuntamento de Ourense, que despois de conceder permiso pra facer propaganda con megáfonos, dá unha especie de *orden*



de busca e captura, da que resultaría a incautación dun coche con equipo megafónico e conductor incluído, ou a negativa a poder usar os locais de AISS pra mitins, ás que habería que engadir a presenza e intervención constante de patrullas da Policía Armada nas rúas, con equipo antidisturbios, e mesmo, o temporal de auga, inda con todo isto a xornada tivo un saldo considerado positivo, se se atende

to ao número de localidades nas que se reflexou como á diversidade de sectores sociais que nela estiveron representados.

ASAMBLEAS, PAROS, CARTAS

As formas de participación na xornada do 27 foron

Pasa á páxina seguinte

CADRO BRANCO

Na pasada semana, entrou no porto de New York o barco vasco «Itxas - Txori», ondeando unha «ikurriña» e máis a bandeira galega coa estrela roxa. As bandeiras izáranas os traballadores das dúas nacionalidades.

CADRO NEGRO

27 mariñeiros perderon a vida nunhas condicións que poñen de manifesto, unha vez máis, a falla de seguridade na que traballan os homes do mar, sin os máis mínimos servizos nin controles de saída que garantan as perfectas condicións dos barcos.

Edita:
Promocións Culturais Galegas, S. A.
Presidente do Consello de Administración:
Xosé Luis Fontenla Rodríguez.
Comisión de Fundadores:
Acosta Beiras, Xoaquín Fontenla Rodríguez, Xosé Luis López Gómez, Felipe Senén, Morales Quintana, Xosé Enrique Varela García, César.
Director:
Margarita Ledo Andión.

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Redactores e colaboradores:

Xosé Ramón Pousa, Xosé López, Antón L. Galocha, Isabel Alvarez (A Coruña), Lalo González (O Ferrol), Pazo Arrizado (Lugo), X. A. Carracedo (Ourense), F. Franco, Mario Pousa, Ignacio Brisset, Guillermo Pérez (Vigo), F. Cusí, Emilio Veiga (Barcelona), P. Iparraguirre, L. Auzmendi, A. Amigo (Donostia), L. Celeiro, (Madrid), C. Durán, R. Palmás (Londres), Carlos Díaz (Xinebra), A. P. Dasilva (Porto), E. Ibarzábal, X. A. Gacifo, Guillermo Campos (Pontevedra).

Os dibuxos son de: Xulio Maside, Xoaquín Marín, Alfonso Sucasas.

Distribución:

A Coruña, HENCHE, tlf. 207020; Santiago, PRENSA NACIONAL: tlf. 583466; O Ferrol, DELTA, tlf. 353992; Vigo, DISTRIBUIDORA VIGUESA, tlf.: 414570-419186; Pontevedra, CAO, tlf. 855374; Vilagarcía, PAMPIN, tlf. 500829; Lugo, A. POL tlf. 217686; Ourense, Vda. de LISARDO; Barcelona, F. RAFALES ARTAL, tlf. 317902

Fotógrafos:

Brais, Piño e Fernando Bellas

Imprime:

«La Voz de Galicia, S.A.»
Concepción Arenal. 9-13. A Coruña.
Dep. Legal: C - 963 - 1977

Diseño e confección:

Pepe Barro.

Redacción e Administración:

República de El Salvador, 25. entrecán, Santiago. Telf.: 59 18 21. Apdo. 1031.

diversas, dende os escritos en contra do Pacto, como sería o caso de 400 traballadores de Astano, 200 da hostelería na Coruña, ou os de Unión Cradytor en Ourense, e numerosas cartas de asambleas estudiantís e comunicados de comerciantes vigueses, hastra a case paralización de vilas como Carballo, Monforte, Arcade, Moaña ou o Carballiño, nos que pecharon comercios e establecementos públicos durante unha hora, talleres mecánicos, cine (Arcade), trolebuses (Carballo), taxistas (O Carballiño) e unha serie de ramas características de cada localidade, como o calzado e madeira (Monforte), ademais das pequenas empresas do metal e a construción.

No sector industrial, o máis xeneralizado foron os paros temporais e as asambleas de traballadores, singularizándose o ramo do transporte de mercancías, incluída CAMPSA, en Lugo, a construción, que abrangueu un noventa por cen nesta mesma cidade, ao Polígono de Vite en Santiago, a 1.500 obreiros de FERTAX, DRAGADOS, TRABE, ENTRECANALES e TERMAC na Coruña —con 10 detidos nesta última empresa— e a Vigo, onde tamén tivo forte presenza o Metal de menos de 100.

Respecto do agro, os labregos celebraron asambleas parroquiais, concentracións en vilas e actos conxuntos coa ING, participando asimismo en manifestacións.

Unha das características da Xornada foi sin dúbida a repercusión na pequena e mediana empresa; pro primeira vez pararian o sector conserveiro (Rianxo, A Póboa e o Morrazo), fábrica de muebles (La Fama - Lugo), cerámicas, etc.

Das empresas de máis de 400 traballadores, participaron na xornada Corfi de Porriño, o grupo Alvarez, Regojo, Pontesa e parcialmente a Alúmina de Viveiro, e non se movilizaron contra o Pacto as grandes empresas das construción naval e do automóvil, fundamentalmente, ubicadas en Vigo e Ferrol.

A organización estudiantil



ERGA levóu, pola súa banda, aos centros de ensino a denuncia dos acordos do pacto pra o sector, como as subvencións aos centros privados, feito que consideran val en contra do ensino igualitario

que defenden, e houbo asambleas en numerosos centros de vilas e cidades.

No total, as cifras de persoas sensibilizadas diante do que representa o Pacto da Moncloa e que así o manifes-

taron dalgún xeito, pode rondar a cifra oficial dado pola ING-CC.LL. de 250.000 galegos.

APRENDER

A xornada do 27 foi a primeira convocatoria feita a ni-

vel galego polos sindicatos ING-CC.LL. e, según os seus análises, representa a delimitación máis clara que se tén dado entre as posicións nacionalistas e de defensa de intereses de clase e os compromisos antipopulares e non galegos das centrais e partidos que boicotearon esta loita.

Cando estaban a punto de cumprirse 70 horas dende a súa detención, un membro dos piquetes informativos de Monforte aínda seguía no depósito Municipal, onde estiveron, asimismo, outros tres traballadores que participaron na xornada de loita do 27. Estiveron todos nun calabozo cun presupuesto de 72 pesetas pra comer todo o día, pero diríanos Pepe Ramos, ao saír á rúa, *dígame, ¿qué Central Sindical, con todo en contra, une un país de norte a sur a través de 50 localidades e de centos de fábricas e lugares de estudo? E desta primeira mobilización nacional levamos moito aprendido todos nós.*



A resposta eficaz de cada día

INSTALACIONES COMERCIALES - ESTANTERIAS - MOBILIARIO - MAQUINAS

Rodríguez de Viguri, 27
Teléfono: 596963
SANTIAGO

Travesía de Vigo, 28
Teléfono: 279862
VIGO

Fallo da Audiencia da Coruña

A Canteira, nas mans da próxima corporación

A Coruña. Isabel Alvarez.

O pasado día 26 de xaneiro, a sala do Contencioso Administrativo da Audiencia Provincial da Coruña fixo pública unha resolución pola que se deixa en suspenso un acordo adoptado polo Concello coruñés nun pleno celebrado o 29 de marzo do 1977, polo que se aprobaba o «estudo de detalle» para construción de vivendas na Canteira de Sta. Margarita. Deste xeito, a Audiencia véu estimar o recurso plantexado polas Asociacións de Veciños contra o devandito acordo municipal, e deste xeito, tamén, déuse un paso máis no «dossier» que fixo medrar a impopularidade da corporación municipal hastra uns lindeiros detrás dos cales non cadrarían outras posibilidades que as da dimisión.

A historia da Canteira situada no Monte de Sta. Margarita empezou o 10 de Nadal do 1974 cando a comisión municipal permanente, nun acordo sobre a regularización dos terreos da Canteira, acordou a venda de 1.403 metros cuadrados de terreo de propiedade municipal, dentro da devandita canteira, a un particular, ao precio de 2.500 pesetas o m². Daquela, era aínda teniente de alcalde en funcións de alcalde o hoxe presidente da Corporación, señor Liaño Flores. Contra iste acordo da Comisión municipal permanente votaron os concelleiros Ripoll e Lasheras. No pleno municipal celebrado oito días despois, ratificouse a venda dos terreos. Naquela ocasión, o concellal Peña pediu que o Concello non vendera os terreos que solicitaba o particular namentras non se resolverse o proxecto do Parque de Sta. Margarita. O seu compañeiro de corporación, Serrano, amosouse partidario de deixar o choio enriba da mesa diante das dúbidas plantexadas sobre a calificación dos terreos que, de primeiro, estaban destinados a zona verde ou para construción de instalacións de recreo, e tamén por considerar moi baixa a valoración do terreo, fixada polo técnico municipal en 2.500 ptas. m². O concellal Ripoll preguntouse polo destino que se lle iba dar aos terreos, xa que se falaba da posible construción dun gran centro comercial e, polo tanto, da creación duns cantos

postos de traballo, sempre comentados, por outra banda. O concellal Peña dixo que se era certo que se pensaba poñer alí un gran centro comercial, que se dixera claramente. Ao cabo, somentes Ripoll, Peña e Serrano votaron para que o asunto quedara enriba da mesa. O acordo da comisión permanente foi ratificado pola maioría dos componentes do Pleno, con dous votos en contra dos de Serrano e Peña, co cal quedaba tamén ratificada a venda dos terreos.

RAZONS... DA VENDA

Un concellal xustificaría logo o baixo precio sinalado, decindo que era como se se vendera ahí porque os terreos non eran edificables. O caso foi que se venderon sin decir para qué, aínda que o nome do comprador fora o de un dos máis conocidos construtores da Coruña: Manuel Soto Pérez; nembargantes, a venda non se fixo efectiva.

O 23 de setembro do 1975, a Comisión Municipal Permanente aprobou un anteprojecto para construción dun local comercial na Canteira, que incluía os terreos obxecto da venda. O 29 de xaneiro do 76, a Comisión Municipal Permanente volvéu estudar o anteprojecto e solicitouse un informe á Dirección Xeral de Urbanismo. Ao parecer, según escrito razonado do alcalde que se incluía na solicitude, a solución das vivendas non parecía a máis axeitada, polo elevado coste que supoñía e polo aumento da densidade

de do sector, xa daquela sobrecargada.

A Dirección Xeral de Urbanismo respostou que somentes se podería construír na Canteira, ao pé da mesma, sin perxudicar as vistas do parque. Nun Pleno celebrado días despois, tratouse da autorización para construír locais comerciais.

O seguinte paso déuse o 29 de marzo do ano pasado, cando nun pleno da Corporación se aprobou con catro votos en contra dos de Serrano, Berta Tapia Lasheras e Peña — a fase definitiva do «estudo de detalle» da Canteira de Sta. Margarita. Nesa sesión, á que asistiu unha numerosa representación das Asociacións de Veciños, o concellal Lasheras manifestou que as alegacións presentadas por Asociacións de Veciños non foran informadas polo letrado municipal, ou polo menos non figuraban no expediente deses informes. O acordo da Corporación foi acollido con berros de «dimisión» e «caciques» contra os concelleiros. Os veciños, ao remate da sesión, xa anunciaron que interpoñerían recurso contencioso-administrativo.

Este recurso foi o que a Audiencia Provincial da Coruña estimou e polo que suspendeu o acordo do Concello coruñés. A Audiencia razonaba a súa resolución «ante las trascendentales consecuencias de orden indemnizatorio a las que tendría que hacer frente la Corporación en el caso de anular el «estudio de detalle» y que deberían ser asumidas por la que sustituya a la actual, en razón de la proximidad de las elecciones municipales».

As asociacións de veciños pedían que a decisión sobre da canteira fora tomada pola próxima Corporación que sairá das vindeiras eleccións municipais. Así, coa resolución de Audiencia, a decisión deberá ser tomada por unha nova Corporación eleixida democráticamente.

crónica política

O Goberno español, amparado no pacto entre UCD e forzas políticas do Estado, estima, na práctica, que a liberdade democrática de espresarse — e máis cando se trata de sectores populares amplos — non é estendible ás posicións críticas e de oposición ao seu programa de medidas económicas e político-sociais. En base a isto, movilizou á forza pública e aos seus gobernadores locais contra dos sindicatos que non aceptan o acordado sin que a Asamblea de Parlamentarios se pronuncie sobre a arbitrariedade ou xusteza, no seu entender, desta actuación e interpretación discriminatoria dos dereitos públicos por parte do poder e referente a Galicia.

SER CATALANS...

De calquer xeito, tampouco están afeitos os Parlamentarios a asumiren publicamente posicións sobre case nada, e mentras as negociacións e desentendementos sobre a composición da definitiva Xunta andan silenciadas, érguense voces dos que quixeran ser tan ben atendidos como o son os catalans. Mentras o senador nacionalista Josep Benet, — o máis votado nas pasadas eleccións xerais en Catalunya — di claramente que o xoque das preautonomías, feito carne e oso, se reduce á falla de competencias efectivas e que, mesmo despois de levar caseque 6 meses promulgada, a Generalitat non ten ningún poder sobre o que traballar... o propio Consello Executivo daquela quasi-institución véuse forzado a protestar polo tutelaxe que exerce sobre del o Goberno español. Nembargantes, a situación catalana ten sempre imitadores, polo que semella.

TARRADELLAS, FALA

«Gostenos ou non, somos unha nación» dixo inda hai pouco o President Tarradellas, — inda que algúns comentaristas aseguran que coas declaracións tenta agachar o que implicaría a recuperación real do devandito — e se o President, que é politicamente de dereitas, pode decir eso, tamén a dereita galega parece disposta a nacionalizarse e, dende a democracia cristiana, atraer aos sectores máis moderados cara a homologación nominal coa dinámica política de Euskadi e Catalunya, — ahí está a noticia dun posible Partido Nacionalista Galego — cousa que a UCD en Galicia, a pesares dos votos, non está nas milllores condicións de cumprir formalmente.

UNIR INTERESES

Que Tarradellas, pola contra, poña en dúbida o noso carácter nacional, ou se nos debates constitucionais se dan todo tipo de opcións para definir, interesadamente, se nacionalidades, rexións, comunidades ou nacións, son cuestións nas que non se paran demasiado unha chea de clases e sectores populares de Galicia que responderon, en diferentes formas de espresadesacorde e solidariedade según a propia tradición de loita, niveles organizativos ou, mesmo, interdependencia de intereses, a un chamamento nacionalista. Poderíamos decir que por primeira vez na nosa historia presente, un mesmo obxectivo de denuncia vencella a os máis diversos puntos xeográficos e camadas dun país, dende o traballador autónomo ao asalariado da industria, dende o empregado da limpeza ao comerciante ou tasista, dende o labrego aos profesionais, e que, se ben dunha maneira incipiente nalgúns sectores, pode vir significar unha identificación de intereses comúns no movemento social da nosa Nación, precisamente aquela identificación popular, defendida e traballada de maneira radical e entusiasta polo galeguismo histórico.

A MORTE NO MAR

Cunha lembranza dorida pola morte dos traballadores do mar, dos que agora no «Marbel» ou aínda hai pouco no «San Martín», «Ave do Mar» ou «Josefa» enfrentaron toda a crueldade da despreocupación diaria polas súas condicións de traballo e a queixa evasiva cando feitos como o accidente das Cies testemuñan e acusan aos poderes, — que se preocupan máis de vixiar unhas normas severísimas e desaxeitadas e confían todo o poder decisorio nos capitáns que de garantir o dereito á vida — queremos rematar decindo que en Loira, vila mariñeira de fonda tradición de maquinistas, ou en Coiro e Bueu, Marín, Sanxenxo, Portonovo ou Baiona, non é o mar o culpable da indignación popular, senón os que lle marcan este precio coa ineficacia ou o interese, sin que tampouco nestas graves ocasións pareza existir o dereito a investigar, a espresarse, a esixir, si non é dende a propia Administración.



resumes

● O GRUPO MISTO SUSTITUE AOS PARLAMENTARIOS

Fontes próximas ao PSP informaron a A NOSA TERRA de que o partido que preside o profesor Tierno Galván, representado no Grupo Misto do Congreso de Diputados, proveña, a través do seu grupo parlamentario, que as organizacións nacionalistas galegas, declaradas ilícitas polo Ministerio Fiscal, seían inscritas no rexistro de Asociacións Políticas e reconocidas de dereito.

De ser así, e diante do silencio da Asemblea de Parlamentarios de Galicia a quen se lle presentaran no seu día máis de 40.000 firmas en apoio da legalización da UPG e a AN-PG, o Grupo Misto substituirá aos parlamentarios galegos como portavoz da existencia de legalizar a aquelas organizacións.

● ARTISTAS PLÁSTICOS

Co obxectivo de incidir na vida artística do noso país e apoiar as iniciativas dos traballadores das artes plásticas, tanto a nivel colectivo coma individual, e defender os seus intereses profesionais, a Asociación Sindical de Artistas Plásticos galegos, a través da súa Xunta Xestora, fai unha chamada pra que os interesados en vencellarse á devandita asociación se poñan en contacto cos seus representantes nas vilas galegas ou ben directamente co seu secretario, Ventura Cores, en Santiago, (rúa Montero Ríos, 6-6.º).

● PREESCOLAR

Dentro da campaña pola escolarización total dos nenos galegos, a Unión de Traballadores do Ensino de Galicia, UTEG, xunto coas CC.LL. reivindica que as escolas unitarias, hoxe inutilizadas a consecuencia da concentración escolar, pasen a funcionar como centros de preescolar, acollendo á poboación infantil entre os 2 a os 6 anos nas parroquias, ciclo hoxe inesistente no noso país.

No caso de establecerse o ensino preescolar, o aumento de postos de traballo sería, por outra banda, importante, paliando en parte as carencias que neste senso se dan pra os mestres e incidindo, asimismo, na diminución de necesidades de traslado fora de Galicia.

● VIAXE BEN APROVEITADO

En relación cas recentes manifestacións populares que tiveron lugar na vila de Pontedeume, e nas que se esixiu unha resposta da alcaldía aos problemas da auga, os comentarios dos veciños foron adicados, con gran luxo de detalles, ao viaxe que o Sr. Sardiña fixo a Madrid o pasado fin de semana, nos seguintes termos: «sí, antes de marchar dixó que iba alí a pedir unha depuradora, a pedir unha escola de formación profesional, a pedir sabe dios o qué... é moita casualidade que vala escoiler un verne, precisamente o verne que coincide co Congreso de Alianza Popular, partido do que se encarga na bisbarra... Logo, si visita a alguén, o que si fará será cargar desplazamentos, dietas e estancia ao Axuntamento... e mire por onde todos nós contribuímos a pagar este viaxiño». Resabios do vello réximen.

A pesares da demanda fiscal

Os funcionarios da xusticia dispostos a sindicarse

A fins do nadal pasado, foron presentados no Goberno Civil da Coruña os estatutos do Sindicato da Administración de Xusticia de Galicia, aparecendo publicados no B.O.E. do día 6 de xaneiro. Anque oficialmente esta é a última noticia oficial sobor do tema, os promotores enteráronse por canles privadas de que o fiscal de Madrid tomará a mesma medida que diante dun sindicato semellante de Catalunya: interpoñer demanda.

Iste novo sindicato, que hastra certo punto, nace con presupostos semellantes aos da vella e aínda existente «Xusticia Democrática», organización derivada cara a reivindicacións fundamentalmente de tipo político no ámbito xudicial (dereitos humanos, etc.). «Moitos dos que estamos no Sindicato —contábanos Claudio Movilla, promotor— formamos parte, e seguimos formando parte de Xusticia Democrática; moitos dos obxectivos coinciden, pro eso non quere decir que esteña fundado por X.D.». El mesmo seguiría a explicar que os porqués da creación do SAXG son os mesmos que os da de calquer outra organización sindical, «a defensa dun feto de intereses comúns aos diferentes membros que compoñen a Administración de xusticia. Pero, polas peculiaridades do poder xudicial, non vai ter o mesmo senso que pode ter calquer outro tipo de sindicato».

As finalidades que a asociación aspira a cubrir, resumíranse na defensa dos funcionarios en situación profesional, a defensa da independencia dos órganos xudiciais no exercicio da súa función, a consecución dun sistema de auto-goberno do poder xudicial mediante a axeitada «estructura democrática, a aprobación de reformas legais, sobre todo referidas aos Dereitos Humanos e a consecución dun tipo de xusticia única,

evitando a proliferación, existente actualmente, de xurisdiccións.

En canto á demanda interposta contra o Sindicato de Administración de Xusticia de Catalunya, o señor Movilla puntualizaba que as razóns que puído ter o sr. fiscal do xugado de Madrid eran, sinxelamente, de carácter persoal. «Decía que a actual lexislación española non permitía a asociación de tipo sindical de membros da Administración de Xusticia... cando o certo é que na Lei de Asociación Sindical de funcionarios, as únicas esclusiones que hai están referidas aos militares e a aqueles funcionarios que leven armas e agora aínda estamos vendo no periódico que se quere facer un sindicato de Funcionarios da Policía, e comenta aparte: «o que sería de desexar é que non fora un tipo de sindicalismo amarelo». Pola súa banda, o xuez dictou sentenza contra do Sindicato catalán, estando neste momento pendente de apelación o resultado.

Segun nos informa tamén o sr. Movilla, en caso de que a noticia da demanda fiscal seña confirmada oficialmente, en cuio caso, é probable que as razóns espostas polo fiscal seña as mesmas que as que recibiu a organización catalana, a comisión xestora, a comisión xestora do Sindicato da Administración de Xusticia de Galicia pensa contestar, «porque temos moito que contestar».

Traballadoras de «San Remo»

Primeira folga nunha mediana empresa

Por primeira vez na súa historia, as traballadoras que confeccionan pantalóns nunha fábrica villalbesa, pantalóns que aparecen no mercado con nome americano, realizaron un paro que lles valéu cobrar o mes e máis a paga do nadal.



Manufacturas «San Remo» é, practicamente, a única empresa ubicada en Villalba, vila cunha poboación de máis de 5.000 habitantes na Terrachá luguesa, e que a nivel económico depende no fundamental das grandes feiras que teñen lugar cada quince días.

Hai uns meses, as mulleres que traballan en «San Remo» empezaron a organizarse pra reclamar unha serie de dereitos e denunciar unha longa lista de irregularidades, como o feito de non estar aseguradas máis da cuarta parte da plantilla ou non cobrar dacordo co convenio, figurar grande parte na categoría de axudantes de aprendiz (cun salario de 8 a 9 mil pesetas) e máis da metade como aprendices despóis de levar 3 anos traballando, e non cobrar máis que o salario mínimo, por exemplo, e conseguiron algunhas milloras dende o mesmo momento no que a patronal tivo noticia de que facían xuntanzas sindicais.

Na semana pasada sin ter cobrado aínda a paga de nadal e como a patronal se negaba a falar con elas e co SOG (ING) sindicato ao que están afiliadas levaron

adiante a primeira folga que se lembra na vila.

Das 70 traballadoras de «San Remo», o propietario é Constantino Carreiras ligado a Alianza Popular, 20 figuran na nómina dunha fábrica de etiquetas, City Dawn, que nin siquiera está naquela localidade, e así a patronal guípase da obriga de poñer un servizo de comedor, tal e como manda a lei ás empresas de máis de 50, e aínda non puideron facer eleccións sindicais, porque o xefe quere que seña dentro dos 20 días previstos no decreto do Ministerio de Traballo.

Un bon día, as enlases sindicais que foran elixidas nos tempos do vello Sindicato Vertical español, presentáronlles un papel no que se espoñía a «situación crítica» da empresa, e as traballadoras, confiando en que sería verdade, firmaron a solicitude dunha subvención ao INI, alegando falla de saída pra os pantalóns, de cara a non traballar durante 6 meses. Hoxe non vén tan claro que eso seña así porque, aínda na semana pasada, había un pedido de 3.300 pezas coa venda asegurada.

Pontedeume

Movilización pra ter auga clara

Pontedeume X. Piñeiro

O problema da auga en Pontedeume xa vén de vello. Hai uns seis anos que o concello chegou á conclusión de que a traida de augas, feita duns cinco anos antes, xa non chegaba. Comprá facer outra nova. Redáctase un novo proxecto pro, por aquilo dos trámites burocráticos, cando se pón a subasta, ningunha empresa o colle, por canto o presuposto quedara desfasado. Así, pasa o tempo hastra o ano 1975, en que o auga xa non falla na regularidade, senón que non a hai. O problema agrávase por canto as festas patronais do mes de setembro están a caer. Urxe unha solución. Son os industriais da hostelería os que máis a necesitan. Convócase unha xunta no Axuntamento, e despóis de darlle voltas, chégase á conclusión de buscar unha solución provisional pra pasar as festas. A solución é o aproveitamento dun regato, bombeando a auga pra o depósito. As obras de acondicionamento e a compra da bomba costéanas o pobo e a desaparecida Asociación de Cabezas de Familia. Queda claro que hai que facer unha nova traida, dado que o regato de donde se traí a auga non é o máis axeitado, xa que é o medio por onde saen os escedentes e augas dos prados e terras de labradío, e pasa pola veira dun rúeiro de casas, o cal

supón que ista auga arrastra certa cantidade de abonos dos prados e terras, así como a posible contaminación por xurros procedentes de posibles filtracións das cortes situadas nas casas lindantes co regato.

A todo isto súmase, dende hai algun tempo ben a falla de cloro ben a abundancia de terra polo mal estado dos filtros.

As disenterías, tifus e hepatitis que dende hai tres meses se dan na vila, fan que a intranquilidade se faga dona das xentes de Pontedeume. O colexio da Vila «Couceiro Freijomil» estivo denantes das vacacións do nadal a punto de pechar por mor da disentería rexistrada entre os rapaces novos. O tifus déuse en menor cantidade, e de hepatitis déronse 29 casos no colexio de Atocha.

Diante desto, xurde algún que outro comentario, pro o concello non fai nada. Algunha veciña trata de entrevistarse co Alcalde pra pedirlle explicacións, pro non a reciben.

Con estes antecedentes, un grupo de veciños decide mandar unha mostra de auga á Facultade de Farmacia de Santiago pra que fose analizada e convocan unha asemblea popular pra o día 27. Na asemblea, é que asisten uns 400 veciños, fábase de grande cantidade de barro que traí ulti-

mamente e da mala calidade dos filtros. Tamén se fala do aumento do precio sin ser consultado o pobo e sin explicarlle as causas, aumento que supón máis de dous millóns de pesetas. Como conclusión, a asemblea acordou nomear unha comisión que falase co alcalde facéndoo responsable da situación e pedindo se compre, a dimisión. A asemblea trasládase en manifestación a Plaza do Axuntamento e pídesse unha entrevista co Teniente de Alcalde, xa que o alcalde viaxara a Madrid. Despóis de esperar un cuarto de hora, decídese convocar unha nova con-

centración, ao tempo que se solicita unha entrevista cun dos concellais; mentras se fai o recorrido da manifestación e se espera polo concellal, o berro que se escoita é o de: «¡Auga sí, xurro non!», que tamén sería consigna preferente na manifestación do 28; ao cabo, recibe á comisión o concellal sr. Quintero, que pón por diante que el non tén poder pra decidir nada, e que hai que esperar á volta do alcalde, pra mediados da semana; mentras tanto, asegura, tratará de que se coiden os filtros pra, polo menos, ter auga clara.



Distribuidor
FERRETERIA
SILVA
PONTEVEDRA

Membro do Secretariado Nacional do Partido Comunista Canario (PCC) e abogado do Sindicato Obrero Canario (SOC), Carlos Suárez presentouse ás eleccións de xunio como candidato da formación electoral Pueblo Canario Unido (PCU), que presentaba unha alternativa democrática e nacionalista nos seguintes términos: «Estas eleccións son un paso na loita contra o poder dos grandes patróns e monopolios que, xunto cos seus representantes en Canarias, os explotan ao noso

pobo; pola legalización de todas as organizacións políticas e sindicais; pola apertura dun proceso constituínte a nivel do Estado Español; polo reconecemento dos dereitos das nacionalidades oprimidas que o compoñen, polo seu dereito á autodeterminación e pola plena democratización do aparello do Estado». Hai poucos días, Pueblo Canario Unido sería declarado ilícito, no seu intento de inscribirse como organización política.

CARLOS SUAREZ, PUEBLO CANARIO UNIDO

¿Qué traectoria seguiu o Partido Comunista Canario dende a súa fundación no ano de 1972?

En líneas xerais, escomenzamos a analizar dende unha perspectiva marxista-leninista a nosa realidade. E chegamos á conclusión de que Canarias é unha colonia ao comprobar que a opresión non sómente se déu a nivel económico e político, senón mesmo a nivel ideolóxico. Somos conscientes asimesmo de que non existe en Canarias un proletariado que asuma a cuestión nacional. De ahí a razón da alianza con aqueles outros sectores sociais que están tan interesadas coma nós na ruptura co enemigo principal: o imperialismo, a oligarquía española e a burguesía dependente canaria. De ahí a necesidade de elaborar un programa conxunto de cara ás eleccións de xunio e de presentarnos baixo a candidatura chamada Pueblo Canario Unido.

¿Cuestionáchedes moito a vosa participación nas eleccións?

Ante as eleccións xerais presentábanse dúas cuestións: unha delas, a denuncia clara, aberta, taxante e terminante do carácter antidemocrático das devanditas eleccións; por outra banda, e isto era unha cuestión fundamental pra nós, o problema nacional canario.



Buscando a oportunidade de crear no pobo unha conciencia e ter a oportunidade de convocar e levar unha alternativa de organización, significa unha conciencia clara da necesidade de loitar por este programa, constituímos a «Candidatura del Pueblo Canario Unido». Entón, dende o punto de vista partidario comunista, axéitase perfectamente ao plantexamento que temos da nosa política de masas. E era de vital importancia a consecución dun frente nacional-popular, ben unha asamblea, ben un órgano que teña abondo respaldo pra que poida impoñer o punto de vista do pobo no fado de medidas que transformen as estruturas canarias. Porque, se non se transforman, non se conquira a independencia. Isto verificase na práctica con este plantexamento da candidatura electoral PCU. Unha vez rematadas as eleccións, comprendemos que non se pode quedar na candidatura electoral e vemos a necesidade de darlle unha forma legal pra seguir traballando neste mesmo senso, e de ahí a necesidade de legalizar a alternativa PCU, como un partido político, acolléndose á lei a nivel interno e sendo a nivel externo, sinxelamente un frente político de masas.

¿Quén integra a candidatura PCU e qué características teñen en comun?

Integrámolo o PCC, células disidentes do PCE —que entenden e consideran que o carácter que téñen a Autonomía non se pode permitir—, grupos cristianos de base e independentes que establecemos como nivel de converxencia a loita pola Autodeterminación do pobo canario, independentemente de que se sexa autonomista, independentista ou federalista, e coincidimos na necesidade de concienciar ao pobo canario e de dar unha alternativa nas eleccións xerais.

En Canarias hai outras organizacións que tamén loitan pola independencia, por exemplo o MPAIAC de Cubillo, ¿qué opinións das?

O que nos diferencia de Cubillo é a oportunidade. Estamos nun punto peligroso, xa que ao establecer diferencias con Cubillo podemos ser subxetivamente anti-independentistas, polo que compre matizar: na medida en que Cubillo defende a independencia —ao marxen de formas e métodos—, está no noso proceso, pro a Independencia sin contido de clase non é o que Canarias necesita e, por outra banda, si se asumise dese xeito podería ser, nistes intre, un elemento que propiciase certa reacción e retraso a nive-



A súa longa historia de abogado laboralista fixo que Carlos Suárez seña coñecido como o «látigo negro» da patronal.

les organizativos. Eu poño en dúbida que se poida asumir a Independencia en Canarias sin unha clase obreira concienciada, sin unha clase obreira organizada en base a uns dereitos.

O voso partido nacéu como vangarda do pobo canario, indda que Cubillo non vos considere así...

O noso partido nacéu pra ser, e temos que ser a vangarda do pobo canario.

E en canto ás posibilidades da vosa legalización, ¿pensades presentar Estatutos?

O que vemos é a necesidade

de dar corpo legal a unha alternativa de forte contido revolucionario, porque dese xeito hal posibilidade de amarear unha grande cantidade de forza, pero en canto á legalización do Partido como organización da clase obreira, a nosa postura é de seguir na ilegalidade de cara a levar unha loita decidida e aberta; agora ben, trátase dunha organización que á primeira de cambio vai ser represaliada e entón, no caso de que queiramos legalizarnos pra entrar no xogo político, o único que legalizaríamos será o nome (PCC) e catro persoas, o resto seguirá na ilegalidade. Andamos a analizar este tema e, sin deixar de ter en conta o devandito, é posible que mandemos os Estatutos a Madrid.

¿Qué forza real ten o PCC?

Niste intre, falando en confianza; é o único que téñen capacidade de convocatoria a través da súa política de masas, como partido, e entendemos que nunha colonia, a implantación dun partido non vén dada polo aparello de carácter europeo do mesmo, senón pola incidencia da súa política nas masas e na medida que a política do PCC está no PCU —espresión máis in-

mediata da mesma— temos un poder de convocatoria moi riba de PCE e PSOE.

¿Queres dicir que estes partidos son minoritarios?

Si, non movilizan a ninguén, son sucursais con política plenamente revisionista.

E no campo sindical, ¿cál é a vosa alternativa?

O PCC ten a súa alternativa sindical no SOC (Sindicato Obrero Canario) que a nivel numérico téñen igual afiliación que a UGT e máis que CC.OO. O SOC, por forza, é unha Central sindical, pero por riba desto é a alternativa unitaria da clase obreira no proceso de unila nun Congreso Obrero Canario; neste senso, participar nas actuais eleccións sindicais puidera parecer un factor de división, pero o contrario sería deixar o campo libre a outras Centrais cuio cometido parece ser ben diferente.

—Sómente queremos lembrar que Pueblo Canario Unido, unha alternativa pola soberanía do pobo canario, foi a niveles electorais a terceira forza daquela nación, despois da UCD e o PSOE... e hoxe, a efectos xurídicos, é ilícita.

LOIS CELEIRO



resumes

● FOLGA DE FAME

O rector da Universidade Laboral da Coruña, Sr. Martín Díaz, despóis de aceptar o proxecto de reglamento aprobado pra este ano por estudantes e profesores, déu o visto bon a outro elaborado por un grupo de profesores. E tan autoritario e ríxido que, entre outras cousas, dí que o que falte tres días a clase, será espulsado.

Dende o comenzo do curso, os estudantes tentaron por todos os medios que fose aprobado o proxecto inicial e ante a negativa do rector, comenzaaron un paro académico. O martes 31, 50 alumnos decidiron dar comenzo a un peche e folga de fame deca conquistar o obxectivo proposto.

● OUTRO MORTO NO MAR

A lancha que fai o recorrido de Moaña a Vigo, da empresa «Cruceros Ría de Vigo, S. A.», chocou con outra embarcación na entrada do porto de Vigo, afundindo decontado. Como consecuencia, morreu afogado un nenno pequeno, mentras os outros 16 pasaxeiros poideron ser salvados en medio da espectacular e inquedanza do público presente, aínda sensibilizado polo accidente recén do «Marbela».

Hai que ter en conta que sucesos coma éste xa non é o primeiro que se produce neste mesmo servizo, que precisa dunhas mellores condicións de seguridade, dado que é un medio de comunicación indispensable pra quens teñen a ría por medio.

● HORARIOS AXEITADOS

A Coordinadora de Comunicacións Galegas, asociación que xurdiu pra estudar unha alternativa aos transportes e comunicacións de Galicia, reclamou no Morrazo uns horarios de transportes axeitados ás necesidades do usuario traballador. A Coordinadora tenta que se lle fagan cumprir os horarios oficiais á empresa «La Unión», concesionaria deste servizo, pro a Xefatura de Tráfico vén de negarlles mesmo a entrega dunha lista de tales horarios.

● RECOBRAR ESCOLA

Os veciños de Castriz están tentando recobrar a escola, da que o alcalde de barrio se lles apropiou no ano 1975, cando a concentración dos escolares en Santa Comba e Bembibre.

A escola, que foi feita no ano 1902 polos veciños, quedou pechada, como outras moitas de Galicia, ao impoñerse a lei de concentracións escolares. O administrador que había daquela, que era o alcalde de barrio, quedouse con ela. Os veciños denunciaron o feito e tentaron recobrala pra o preescolar. Ao non obter resposta satisfactoria dos organismos oficiais, ocupárona o 25 de nadal e convertírona en «Casa de Cultura do Pobo».

Diante desto, o alcalde de barrio denunciou aos veciños, por considerar que a escola era del. O día 27 celébrase o acto de conciliación.

Desvestir a un Santo ...

OURENSE, JAUCARO

O delegado de Educación e Ciencia de Ourense, recorta en máis de cinco millóns de pesetas a concesión ás escolas de Ribadavia, pra invertilos en Vilamartín, a súa terra.

Os pobos medran cando alguén turra por eles. O feito non tén dúbida cando supón loitar polos intereses dos máis debiles, dos asoballados e sen restar, nin ren, á xusticia. Pro isto non parece ser o caso de Ribadavia. Dos 13,2 millóns de pesetas concedidos pra obras de ampliación e millora das instalacións escolares na vila do Avia, serían suprimidos máis de cinco en tal concesión, pra ser invertidos na construción dunha agrupación escolar en Vilamartín de Valdeorras, por decisión do delegado de Educación e Ciencia, o crego don Manuel Pérez Barreiro, según un rumor que circula insistentemente e con garantías de certeza por Ribadavia.

A devandita asignación proviña dunha resolución tomada pola «Comisión provincial de construcións escolares», en sesión de 21 de novembro do 1977, por aplicación das axudas a construcións e milloras escolares derivadas dos acordos económicos do «Pacto da Moncloa» e que se destinaban á construción de catro unidades de preescolar no edificio da vella concentración escolar de Ribadavia, cunha inversión de 5,6, pra ampliación da nova concentración escolar, feita no seu día pra dazaseis unidades con capacidade pra seiscentos rapaces, namentras hoxe xunta a 1.100 escolares, pra os que tiveron que

desdoblar as aulas e habilitar os pasillos do edificio.

Por si chegara a confirmarse o rumor, a corporación en pleno advertiu ao Goberno Civil de Ourense das circunstancias, indicando que dimitirían de levarse a remate o feito. Deica agora, non houbo contestación algunha da primeira autoridade provincial.

A indignación espallouse entre os veciños da comarca, sobor de todo, ademais de deixalos sin unha concesión imprescindible pra responder ás esixencias escolares dos seus nenos, porque se trata de arranxar a tamén necesidade dos estudantes do axuntamento donde é natural o Sr. Pérez Barreiro, que, a raíz de ser nomeado pra Delegación de Educación e Ciencia de Ourense, prometeu aos seus paisanos levantar unha agrupación escolar naquela vila, que hai perto dun ano sofriu a perda de trece nenos no tristemente recordado accidente do transporte escolar que os levaba dende San Miguel de Outeiro e Vila Martín á agrupación da Rúa. Os ribadavienses non se queixan desta boa vontade do Delegado, de facilitar un medio pra que os pequenos valdeorreses de Vilamartín non teñan de recorrer o camiño onde atoparon a morte trece dos seus compañeiros, pro desexan que esto se faga pola vía da concesión que poida arranxar o Sr. Pérez Barreiro non recortando o presuposto evidentemente necesario pra vila do Avia. En resumo non adiniten o «nepotismo» polo feito de estar nun cargo, e menos «desvestir un santo pra vestir outro».

Vigo

Un pleno axitado: abucheos e suspensións



O Pleno do Axuntamento de Vigo do día 31 foi moi movido, hastra houbo abucheos. O señor Picher, a media xuntanza, decidiu seguilo a porta pechada, ca única asistencia da prensa e dun representante das AA.VV. e partidos políticos que, por outra banda, decidiron non asistir.

O punto máis importante da orden do día era a proposta da suba nos precios por parte da empresa concesionaria do transporte público de Vigo. «Vitrasa» que solicitaba un aumento de 9 a 13

ptas. no precio dos billetes, e que a corporación, previo un sondeo á opinión, feito días antes, quería deixar en 11 ptas. sin esixirle á empresa ningunha millora nos servizos.

Pola súa banda, as AA.VV. rexeitaban a suba a 13 ptas., parecéndolles aínda mesmo abusivas as 11 ptas. se non se melloraban os servizos; reforzando as liñas, abrindo outras novas, colocando marquesinas, facendo abonos pra traballadores e estudantes, así como os pasas a subidos. Unha vez mellorado o servizo, estarían dispostos a negociar a suba nos prechos. O concellal señor «Leri» fai un análisis dos dez factores que inciden sobre a suba nos precios, chegando á conclusión de que ésta non podería pasar de 9,50 ptas. Producíndose entón dende o público grandes abucheos, «caciques fora», «non á suba do «Vitrasa», «dimisión, dimisión», etc. A continuación os concellais pasan o tema a votación decidindo pasarlle oímplicamente a pelota ao señor Gobernador, se ben, implicitamente, expresando o seu apoio á suba a 11 ptas. sin ningunha condición de millora dos servizos por parte da empresa. A xente decatouse de que aquilo fora unha aprobación. Ao impedir que durante a súa intervención o representante da AA.VV. do Calvario falase da suba, tivo que suspenderse provisionalmente o pleno aberto, despóis do conseguinte abucheo, e ao pouco tempo o señor Picher propoñería aos representantes das AA.VV. e do PSOE, que logo faría estensiva aos demais partidos incluíndo, e recoñecendo por vez primeira, aos ilegais. Tras dunha reunión co público, éstos decidirían non asistir, ao igual que o concellal «Leri».

O pleno aprobou, pese á negativa da A.VV. do Calvario, PSOE, PCG, MCG e ANPG, o plan parcial do Calvario que fora solicitado por sete propietarios. Se ben quedou clara a postura da A. VV de que a corporación que aprobaba o plan non era representativa nin democrática e que, polo tanto, non tiña capacidade pra facelo.

Ourense

Unión Cradytor: difícil saída pra un conflicto

Jaucare

Ao cabo de vinteseis días de que comenzara o peche e quince de paro total, a Delegación Provincial de Traballo de Ourense ditou «Laudo de Obligado Cumplimento» prás empresas «Unión Cradytor» e «ADM», ambas do mesmo grupo de «Projet-Crady», adicadas a aparelaxe eléctrica no poligono industrial de San Ciprián de Viñas, en Ourense. Namentras se producía a resolución da Delegación do Traballo, a dirección das empresas remesaba 252 cartas de despido a outros tantos traballadores, do total de 304 co que contan a totalidade das plantillas. A outros produtores chegábanlles notificacións con «permiso indefinido retribuído», xente vencellada dalgún xeito á dirección ou os chamados «esquirols», que non participaron no proceso do conflicto.



No documento da Delegación de Traballo, requeríase ás empresas: Proceder de inmediato ao pago dos salarios pendentes, coa advertencia de que o seu incumprimento determinaría a imposición das sancións correspondentes; normalidade laboral: requirindo aos traballadores pra que o próximo mes e á hora habitual de entrada, se persoasen nos seus centros de traballo pra realizar as funcións que lles foran encargadas, dacordo coa súa categoría profesional: apertura dos centros de traballo: esixindo ás empresas que levaran a remate as operacións previas e necesarias pra posta en marcha dos procesos productivos, de maneira que o 1 de febreiro se poidera reanudar o

traballo en condicións de normalidade, recomendando, asimesmo, que ambas partes evitaran o encono de actitudes rixidas no xa longo e doroso conflicto.

Esta resolución da Delegación de Traballo, viña determinada pola imposibilidade de amañar doutro xeito o conflicto, según se manifesta nos distintos «considerandos» e «resultandos» do documento espresado, sinalando asimesmo a inutilidade das conversas coa representación da patronal, que en todo intre se negou a calquer acordo, por falla de instrucións pra tomar decisións sobor das cuestións plantexadas, según manifestaron día tras día os portavoces da dirección.

O 17 ESCOMENZARA O PARO TOTAL

A partir de aquí a actividade do comité de folga e da asamblea xeral dos traballadores partidos políticos e centrais sindicais escomenza unha ampla actividade de entrevistas coa Delegación de Traballo, gobernador civil, e contactos con representantes da empresa. Unha comisión de traballadores trasladase a Gijón, pra ver de entrevistarse coa alta dirección, sin que en todos os intentos se amañe nada en concreto. Chega a Ourense un portavoz que, en principio, se considera competente pra tomar decisións no nome da dirección, o Presidente do Consello de Administración do grupo «Crady». Tampouco agora se chega a nada ao tentar o portavoz da patronal reducir a plantilla en 140 traballadores e negarse a abrir a fábrica.

Diante da imposibilidade de resolver doutro xeito o conflicto, a asamblea acóllese a unha proposta insinuada polo mesmo presidente do Consello de Administración do grupo: autosexestión da empresa. Proposta que foi aceptada unánimemente polos traballadores, escomenzando una serie de negociacións co presidente do Consello de Administración da Caixa de Aforros e director xeral da Provincial, Delegado de Traballo, economistas, etc. A empresa, según manifestacións do portavoz a que denantes nos referimos, tén embargos preventivos de varias entidades bancarias e unha reclamación da Caixa de Aforros de Ourense por valor de 130 millóns de pesetas.

ESPALLE CULTURA
AGASALLE
CON LIBROS

LIBRERIA SEOANE
PONTEVEDRA

AS 200 MILLAS E A PESCA GALEGA

MARIA DO CARME GARCIA NEGRO

Efectivamente, os EE.UU., afeitos de vello a espollar as riquezas terrestres, e máis as do mar, foron hostigadores constantes en todo Organismo Internacional competente das contraproclamacións encol da improcedencia da soberanía. Pro foi necesario que pasaran perto de 30 anos pra que «de facto» se reconocese este dereito pola case totalidade dos países do mundo (no ano 1977 os EE.UU., a URSS, a CEE, etc., proclaman a súa soberanía sobor das 200 Millas. Namentras estes países loitaban por exercer o dereito a extraer do mar as súas riquezas, frente a apropiación que delas querían facer os EE.UU., no hemisferio Norte do mundo as relacións económicas tiñan un desenrolo en aparencia moi distinto.

Galicia tén unha plataforma continental relativamente pequena, pro tiña a súa pesca de baixura, combinada co marisqueo, organizada dun xeito artesanal que permitiu a toda a Galicia costeira vivir do mar e mesmo proporcionar a materia prima ás primeiras fábricas modernas que se instalaban en Galicia (Industria conserveira). Aproximadamente durante eses mesmos 30 anos, o panorama da pesca galega cambéu totalmente, hastra o extremo de que hoxe podemos afirmar que a pesca de baixura está totalmente esnaquizada.

Ao comenzo dos anos 60, ou seña, ao comenzo do período que se déu en chamar nos medios oficiais do Estado o despegue do desenrolo español, a pesca de baixura galega estaba necesitada de renovar barcos, aparellos, regular vedas, estudos biolóxicos, ou seña, dunha ordenación e potenciación que somente dende intreses galegos se iba poder facer. Nembargantes, os intreses da burguesía monopolista española eran outros: a industria de construción naval foi un sector clave e protexido; necesitábase ao mesmo tempo incrementar a produción pesqueira e marisqueira, e os medios pra conseguir este obxectivo prioritario (o de producir máis) foron:

— Cretos baratos ao gran capital pra compra de grandes unidades de ferro, que foron o inicio de toda a pesca de gran altura, do conxelado, da industria do frío, da competencia, en suma, co peixe estraiado artesanalmente.

— Uns cretos que foron accesibles pra aqueles mariñeiros de baixura que facendo estracións sin límites podían amortizar os cretos hipotecarios sobre os barcos.

— Un plan marisqueiro que obxetivamente desposéu aos mariñeiros de veiramar do dominio das súas praias, pasando a ser de aproveitamento e cultivo particular mediante concesións.

— Un sistema de comercialización que, aproveitándose da estrutura arcaica do sistema das lonxas, da subasta á baixa, déu lugar a que en pouco tempo se puidese monopolizar a demanda do peixe fresco dende os grandes mercados centrais.

Unha consecuencia lóxica dese afán extractivo foi que os pesqueiros de bandeira española inundaran en pouco tempo os caladeiros máis ricos do mundo dende Africa do Sur a Terranova, pasando por todos os mares intermedios. Como, ao mesmo tempo, non houbo unha ordenación da pesca de litoral, abondou que a C.E.E. e máis os EE.UU. declarasen como zona de aproveitamento económico exclusivo o das 200 Millas pra que se falase de crisis sin remedio. Os barcos galegos viñan utilizando os caladeiros de Boston e máis os do Grand Sole. Dos 272 barcos que faenaban no Grand Sole, 210 eran galegos e tiveron que pasar pola **concesión** de licencias por

A historia das 200 millas é, nos seus comenzos, a dunha loita antiimperialista. No ano 1947, dúas nacións latinoamericanas (Chile e máis o Perú) proclaman a soberanía sobor das augas que bañan as súas costas, incluíndo o dereito aos recursos naturais destas augas, así como aos recursos mineiros que poidera haber. Este dominio foi fixado na extensión comprendida nas 200 Millas mariñas dende a costa. No ano 1952, Chile, Ecuador e o Perú fan a Declaración Tripartita na que, como Estados do Pacífico Sur, se reafirman na soberanía sobor das riquezas comprendidas nas 200 Millas e máis se comprometen a un apoio mutuo na defensa deste dereito frente aos terceiros países. Naquel entón, os terceiros países eran os EE.UU. de América.



barco, pola restrición de especies e polos cupos de pesca que a C.E.E. se dignou otorgar. ¿Qué papel xogou o Estado Español nas negociacións? As negociacións non foron tales, pois foron posteriores á declaración que fixo a C.E.E. ao principio do 1977. Durante o ano 1976, sabíase que dentro da C.E.E. había conversas entre os países compoñentes pra chegar a un acordo nesta declaración e que foron os intreses contrarios aos do resto, de Inglaterra e máis Irlanda, os que a retrasaron. Estas discusións no seo da Comunidade non pasaron inadvertidas pra os grandes armadores españois que tiñan emprendido negociacións bilaterais con empresas irlandesas, chilenas e argentinas, xa denantes de rematar o ano 76. Ou seña que os cambios de base, a formación de empresas mistas con países de ricos caladeiros e pequena tecnoloxía foi unha saída que, en todo caso, somente tiñan nas súas mans os grandes de altura, os dos conxeladores. Isto esplica o feito de que con anterioridade á posta en vigor do Pacto da Moncloa xa estiveran constituídas 30 empresas mistas e «colocados» por esta vía 50 buques de pesca de gran porte. E decir, resolto os problemas que se lle podían presentar aos monopolistas do sector (e sen intervención directa da diplomacia española) esplicase tamén o feito de que no mes de Santiago pasado, o ministro español de Asuntos Exteriores á vez que pedía a entrada do Estado Español na C.E.E., opinara que non quedaba máis remedio que ir ao desmonte de barcos, pois sobaban; por isto non houbo tampouco ningún reparo en aceptar (en contra totalmente dos intreses dos mariscadores galegos) a importación libre de chirla italiana e máis de conservas de marisco europeo como contrapartida a un escaso número de licencias.

A ineficacia na resolución deste conflito da diplomacia do Estado Español, quíxose velar cos argumentos:

— Era un pequeno número de barcos (galegos no 70%), que non representaban un problema de gran envergadura (a emigración e o paro xa se deixaron sentir, así, como a vida económica dunha cidade como A Coruña, que depende en grande medida do sector servicios conectado ca pesca).

— Todo se arreglará cando entremos na C.E.E. como membros de pleno dereito (este feito non se producirá como mínimo deica o ano 1980, amáis a C.E.E. tenta reducir as licencias gradualmente e a maior abondamento, países coma a Gran Bretaña e máis Irlanda teñen dereito sobor dunhas millas propias dentro das da C.E.E. pra o seu uso exclusivo).

De quitado o dictamen do proxecto-lei pra ampliación das 200 millas 11-1-78, favorecerá aos mariñeiros galegos sempre e cando se poñan os medios pra facela efectiva. Agora ben, de pouco valerá que deixen de faenar os bous franceses e os barcos rusos a menos de 8 millas do Cabo Ortegal se non temos unha política económica pesqueira propia; de nada valerá ter a costa vixiada se non controlamos a comercialización do noso peixe, se non hai unha ordenación racional das vedas, establecemento de cupos pra determinadas especies en perigo, cultivos de mariscos, etc., ou seña, se non se leva a cabo unha Reforma Pesqueira feita por e pra os galegos.

Se ao principio deca que nos seus comenzos as 200 Millas foron parte dunha loita antiimperialista, pra Galicia, nembargantes, non foron máis que un episodio no esnaquizamento da súa pesca polos monopolios españois que dispuxeron de moitos medios pra o conseguir.

historias de esmagados

Por X. MARIN



O traballo no mar é duro, pelgoso e cada vez máis difícil. Cinco mil traballadores voltan ao porto cada día con menos pezas capturadas, outros nin siquiera saen. En fronte deles, barcos máis grandes e potentes, doutros países, utilizan a fondo tecnoloxías máis avanzadas que esquilman os poucos bancos que quedan.



POUSA



PESCA GALEGA PRA BARCOS ESTRANXEIROS

«As factorías rusas teñen de todo, por ter, hastra teñen uns radares cos que localizan os bancos de merluza, baixando o arrastre hastra a altura do banco e arramplando con todo. A eles sírvelles todo, hastra peixes que non se comen, logo dín que fan fariña. Traballan as vinte e catro horas e case non deixan nada, e as poucas merluzas que quedan xa non teñen nin qué comer».

Os mariñeiros galegos estánse enfrentando cun problema que pón en evidencia, unha vez máis, a falla de planificación no mar e dunha política pesqueira feita de cara ao país. A diminución das capturas no «canto» (plataforma continental) empeza a preocupar seriamente a un dos sectores de maior peso económico: A pesca da merluza e palometa, en fresco. As causas son varias, según os propios mariñeiros, estando entre elas as derivadas dos axentes climatolóxicos, anque o principal é a continua intromisión de france-

ses, barcos vascos e factorías rusas que faenan libremente, xa que no Estado español aínda non entróu en vixencia o novo límite das dúascentas millas que está a impoñerse en todo o mundo, e que, pola avanzada tecnoloxía que empregan outros países, sobre todo os rusos, arramplan con toda a riqueza pesqueira diante das narices dos nosos mariñeiros que si- guen a empregar os métodos artesanaís de sempre.

Burela, A Coruña e Aguiño son os tres portos, dentro da pesca de fresco, máis afectados pola pro-

blemática. Nestes tres lugares, entrevistamos a patróns e mariñeiros pra ter unha visión directa e amplia do que está a ocorrer ca nosa riqueza pesqueira.

No porto da Coruña vense barcos amarrados, xente sin traballo, pequenos armadores que venden o barco. Setenta barcos e 1.200 persoas que traballan do arrastre do día, están vendo cómo a pesca escasea cada día máis. Os do «palangre» e os do «volanda» atópanse con que os bous franceses e os grandes arrastreiros rusos remontan a riqueza da plataforma continental galega. En Burela o panorama é moi semellante, 65 barcos loitan pola súa supervivencia cun baixo nivel de capturas. En Aguiño, 40 barcos, cun promedio de oito traballadores cada un, ven como dunha media de 80 a 100 kilos do ano pasado por barco e día, dificilmente chegan hoxe aos 20-30 kilos.

CAUSAS DUNHA ESCASEZ

As tormentas foron este ano maiores que noutros anteriores e os mariñeiros saben que as correntes que producen nas rías fan que estas se valeiren de ovos e de crías, facendo descender, xa que logo, as capturas, pero en ningún caso na proporción que se está dando actualmente. O que sí é novo é a crecente invasión de barcos franceses, vascos e rusos que, ao non poder pescar noutros mares, se achegan ás nosas costas, empregando a fondo toda a súa

moderna tecnoloxía fronte a uns aparellos tradicionáís como o «palangre» ou a «volanda» que poden traballar perfectamente no medio da abundancia pero que pouco poden facer na escasez. En moitas ocasións, as agresións chegan a ser directas de feito que os bous franceses teñen arrasado os aparellos con total inmunidade e diante da pasividade das autoridades de marina. Por outra banda, cada vez é maior o número de pesqueiros vascos baixo a dirección de patróns franceses; o «Cudillero», «Moscato» e «Jurianeche» son ben coñecidos polos veciños de Aguiño dados os enfrontamentos que tiveron con iles.

O MAR TEN QUE DAR PRA TODOS

Antonio García Teira, un dos patróns cos que falamos, decía que «samente cunha planificación rigurosa o mar poderá dar pra todos, doutro xeito veremos cómo o imos matando diante da pasividade de quens terían que dictaminar as normas oportunas». Decía que era necesaria unha reforma pesqueira profunda con capacidade pra controlar as artes empregadas nos distintos tipos de pesca e particularmente os arrastres, delimitando zonas pra uso exclusivo das artes tradicionáís.

As cousas están logo claras, a política pesqueira do Goberno español vai contra os intereses dos nosos pesqueiros, que ven cómo a competencia de barcos preparados tecnoloxicamente lle rouba o

peixe nuns bancos que eles sempre trataron de coidar. Sendo precisamente a loita contra iles competidores a que fai que cada vez se empreguen máis determinados tipos de artes de maior produtividade pero moito máis destructivas pra pesca, ao non haber unhas normativas rixidas. Hai artes como a «volanda» que fican 18 horas no mar, caendo nas mallas todo tipo de peixe, e utilizando zonas moi amplias de pesca, de xeito que donde traballan catro á «volanda» poden traballar cincuenta ao «palangre». As «bacas» non poden pescar a menos de sesenta brazas da praia, e nembargantes fano sin que ninguén diga nada, destruindo unha boa parte da cría.

A ameaza que pesa sobre da pesca de altura, samente na Coruña, de 106 barcos concedéronse cuarenta e seis licencias pra ir faenar ao Gran Sol, é a de botar ao paro e á emigración a moitos mariñeiros, xa que os recursos da costa galega non poderán assimilar a todos os barcos, máis dada a crisis de capturas que hai hoxe. A medida adoptada, pero que aínda non entróu en vigor, das duascenas millas, non virá solucionar gran cousa si con ela non se fai unha reforma pesqueira auténtica; servirá, eso sí, pra evitar a invasión de barcos rusos e franceses, sempre que a Marina faga unha laboura de vixilancia activa. Pro isto é moi difícil si non se fai dende unha perspectiva galega.

Mentras tanto, o mar está en perigo de morte.



27 MARIÑEIROIS MORTOS

(VIGO) FERNANDO FRANCO

Tiveron que morrer 27 homes, dun xeito inexplicable, pra que se puxeran outra vez en cuestión as condicións de seguridade do seu porto, un dos de meirande tráfico de Europa pero que xa noutras situacións evidenciou a súa impotencia pra dar resposta doada cos seus medios a este tipo de emerxencias. Como é habitual nestes casos, todo se tenta purificar, todo estaba en orden e funcionou ben. Un funcionamento tan bó que non foi capaz de evitar que 27 homes do motopesqueiro «Marbel» se afogaran na mar, sobre as praias das Illas Cíes, tan pertiño.

As cinco do serán do vernos 27, o motopesqueiro conxelador «Marbel», de 1.316 Tm. de rexistro bruto e 80 metros de eslora saíu de Vigo con dirección a África do Sul. Era a súa derradeira campaña despois de ser mercado á armadora Entrena polo Banco de Valladolid e o seu presidente, Domingo González, que pensaba adicalo a traballar nunha compañía mista hispano-argentina. Foi, certamente, a derradeira campaña dos 27 homes que perdeu Vigo, Marín, Noia, Bueu, Baiona, Sanxenxo e Portonovo, e que, cecáis, se esistirían mellores medios de control e salvamento, agora voltarían estar cos seus.

O barco tiña todos os papeles en orden, según nos confirma a consignataria que se responsabilizou deles. «Polo que non é certo que estiveran os mariñeiros sen seguridade social». A Comandancia de Marina tamén lle déu permiso de saída, xa que «el Marbel era un barco lo suficientemente grande y potente como para salir con las condiciones que había», comentou o Comandante Militar de Marina de Vigo, don Luis Lago.

Recentemente reparadas as súas máquinas, o buque tivo unha avería ás sete e media, dúas horas e media despois de saír, cando estaba diante do cabo Silleiro, deixada atrás a mariñeira vila de Baiona. En meos pesqueiros, fá-lase que foi producida polo agrotamento do motor por obstruc-

ción do circuito de engrase, de xeito que logo orixinou unha pequena explosión. Según algunha opinión, o problema non tería maior importancia en alta mar ou non tan perto da costa, pois teríase reparado tranquilamente a ave-ría. O que pasou despois, hastra o momento en que se esnaquizou contra as rocas, abre un interrogante no que a perplexidade ocupa espazo fundamental.

No intre de facer esta información, aínda existen informacións contradictorias. Un dos testigos afirmou que o barco déu a súa posición despois das sete e media, pero a Compañía Telefónica informou que a primeira chamada de SOS recibírona ás dez da noite nas costeiras de Vigo e Algorta. ¿Qué pasou entre as sete e media e dez da noite? Outro supervivente, nembargantes, dixo que o fallo do motor e a explosión ocorriran sobor das nove e media, cando «estaba deitado, despois da cea». Neste caso, somente habería unha diferenza de media hora entre o fallo e a recepción do aviso pola costeira.

O feito é que se ás dez a costeira de Vigo recibiu o aviso, cinco minutos máis tarde —todo en versión da Telefónica— comunicábase ca da Coruña pra que se responsabilizara da situación, xa que ela non podía por falla de flúido eléctrico. A estación da Coruña, de todos os xeitos, non conseguiu enlazar co «Marbel» hastra



as 10,42, manténdose este contacto hastra as once e media, hora en que chegou a luz á costeira de Vigo.

A xente preguntase cómo é posible que unha costeira non teña máis que unha reducidísima capacidade de acción co equipo de emerxencias, e máis tendo en conta os frecuentes apagóns que parece sufrir a zona onde está ubicada. ¿Cómo é posible esa tremenda irresponsabilidade de que a Telefónica poida ter uns equipos de emerxencia que precisan ser auxiliados eles mesmos cando se poñen a funcionar, e cómo non presionan os armadores de buques, se é que lles preocupa a vida dos seus homes? Polo que respecta aos empregados da costeira, non dín nada. Como si tiveran un tapón na boca, co selo da Telefónica.

Eran as dez e media desa noite absurda, xa pasaran tres horas, tres, cando a Comandancia Militar de Marina recibiu o aviso do que acontecera. E acontecía que o «Marbel», co motor parado, polo vento do Suroeste, un vento de cen kms. por hora, era arrastrado cara as Illas Cíes. A axuda dalgúns barcos resultou infructuosa, aínda que un deles, o «Mar 11»,

estivera a quince metros: «Algo extraño pasaba a bordo, porque la gente no reaccionaba. La lanzaban los cabos y los tripulantes no iban a buscarlos». Ese algo extraño ao que se referiu o comandante cecáis poidera ser a total carencia de medios pra instruír os asuntos de salvamento aos traballadores do mar.

As horas pasaron como lóstregos pra os tripulantes, que unha hora despois da media noite sentiron renxer as táboas do barco, nunha aperta salvaxe cas rocas da parte exterior das Cíes. Alí diante estivo dende as doce, sentindo a súa impotencia, o pequeno remolcador de Vigo, o «Elduayen», que recibira ás once a orden de saída do porto, según afirma o comandante, aínda que o deixara saír «porque su práctico es muy experimentado, pero dudaba que pudiera hacer mucho. Es más, le dije que si veía las cosas mal que diera la vuelta. Sus motores tienen 800 caballos, muchos menos que los pesqueros que andaban por allí».

A única cousa que puido facer, foi asistir á embestida do mar sobre barco e homes, con ondas de 8 e 10 metros de altura. As dúas da mañá, o barco desapareceu

partido en dous, e agora pousa desfeito a sete metros debaixo das augas. Nove sobreviventes pasaron a noite co frío e a door nunha caseta da illa, e foron recollidos pola mañá por dous barcos. Cando chegaron a Vigo, no peirao os familiares arremuíábanse co corazón encolleito. Somente unha ambulancia disposta. Pra levalos, houbo que recurrir aos coches particulares e ún da Policía Municipal. Non somente estiveron desprotexidos no mar; tamén o estiveron ao chegaren a terra. Os poucos que quedaron.

Os homes da costeira non falan. Un práctico do porto, que coñece dabondo o asunto, négase tamén en redondo: «Eso na comandancia, nós non podemos falar...» Aquí non fala ninguén, a non ser o comandante, que o explica todo, e ben.

Son moitas as veces que públicamente se evidenciou a necesidade que Vigo téñ, polo menos, dun remolcador axeitado á realidade da envergadura do tráfico marítimo que por diante desta cidade pasa, pero cecáis Vigo non teña aínda méritos dabondo pra elo. E os méritos parecen medirse por mortos...

Manifestación de duelo

O pobo de Marín sumóuse masivamente na manifestación de duelo convocada pola Asociación de Veciños e pola central sindical galega ING. Máis de dúas mil persoas, que se foron sumando gradualmente ao acto ao longo do traiecto da alameda hastra o porto, recorreron en silencio máis de dous kilómetros en medio dunha forte chuvia que non impediu que o acto se levara a cabo.

Unha coroa de loureiro, que ao remate se iúrou ao mar, presidía a manifestación, levada por dous mariñeiros do Sindicato Galego de Traballadores do Mar (SGTM) (ING). Así como unha pancarta firmada polo devandito sindicato na que se podía ler: «Non máis mortes que se poidan evitar», así como un grande número de bandeiras galegas con estrela roxa de cinco puntas e cun lazo mouro en sinal de luto polo tráxico accidente. Unha vez no porto, un mariñeiro do SGTM denunciou a falla de seguridade no mar e agradeceu aos veciños de Marín a súa presenza alí.

En relación co tema, os sindicatos Comiñóns Mariñeiras (CC.MM.) e Sindicato Galego de Traballadores do Mar solicitaron que se abriña unha investigación, ca participación das forzas políticas e sindicais pra esixir responsabilidades sobre o accidente.

Falan os mariñeiros

«Si os traballadores do «Marbel» se negasen a saír, serían xuzgados en Consello de Guerra»

En relación co accidente do «Marbel», no que perderon a vida 27 mariñeiros, oito deles da zona de Marín, o SGTM (ING) de Marín convocou unha roda de prensa co fin de sacar unhas conclusións sobre este feito, que pón, unha vez máis, de actualidade a falla de seguridade no mar.

Pepe Montenegro, mariñeiro; Xulio Moreira, engrasador; Xosé R. Castro, mariñeiro e Xosé Ferradas, electricista da mercante, analizaron o feito como sintomático dentro da situación de inseguridade que sofren os traballadores do mar, onde non existen controles efectivos sobre do estado dos barcos, non se fan cursillos explicativos das medidas de salvamento e socorrismo e tampouco se obriga a modernizar este tipo de material nos barcos.

«O porto de Vigo, o millor de Europa, —decía Xulio Moreira— é un dos piores dotados do mundo en cuestión de servizos de se-

guridade». «Non téñ ningún remolcador de altura, nin servizos de helicóptero. En canto ás emisoras, xa se vé cómo funcionan». Xosé Ferradas, engadía: «¿Cómo é posible que unha emisora que está preparada pra casos de urxencia deixe de funcionar cun apagón? ¿Qué lle pasou aos acumuladores? ¿Cómo é posible que un radioaficionado se entere dúas horas antes que a Comandancia?»

Este accidente, engadirían, non é un feito illado, senón unha constante; son moitas vidas as que levan o mar todos os anos, e o servizo de socorro sigue igual ca sempre. «Son moitos os cartos que dá o porto de Vigo, informaba X. R. Castro, e mentras nos portos vasos se fixeron renovacións e modernizacións, aquí coma sempre...» Parece ser que iste mesmo van se probaron dúas fragatas inglesas de salvamento, que son das máis modernas que se constrúen e non se compraron porque valían 60 millóns de pesetas. Pero ¿cál é o precio das vidas huma-

nas? En Vigo non hai nin un soio remolcador de altura, o helicóptero hai que traelo dende A Coruña. As mesmas illas Cíes, pola súa situación estratéxica, tiñan de ter un servizo de socorro permanente e ben dotado, pois vén sendo habitual que se produzan accidentes como o do «Marbel». E significativo, neste caso, que se deixe saír un barco recién reparado sin unha proba a fondo, que en case toda Europa leva un día facela, que garante o seu perfecto estado. Aquí hai unha responsabilidade moi grande por parte do técnico que deixou saír ao «Marbel».

Interesámonos diante dos membros do SGTM sobor da responsabilidade, neste caso, do capitán. «Os mortos sempre levan as culpas, como non poden falar...» Pero evidentemente a responsabilidade do capitán é moi grande, e entre elas está a de saír con mal tempo, sobre todo tendo en conta a oposición dos mariñeiros. De todos os xeitos, un home soio non fai nada se non conta cuns servi-

cios de apoio que neste caso fallaron; fallou a emisora, o remolcador; non se lle facilitou iluminación. E nestas circunstancias, pouco podía facer. A súa responsabilidade está en saír cun barco sin probar debidamente, e cunhas condicións climatolóxicas desfavorables. Polo demáis, é moi fácil culpalo e, deste xeito, botar terra sobre doutros fallos habidos que foron decisivos na catástrofe, e que se repiten ano tras ano. «As cruces que hai nas Cíes de barcos alí fundidos son un triste homenaxe ao equipo de salvamento co que conta Vigo».

Outro punto negro é o feito de que non conte pra nada a vontade dos mariñeiros, que non querían saír nesas condicións. ¿Cómo é posible que baixo un criterio autoritarista se someta aos mariñeiros á disciplina militar, cando son traballadores coma os demáis? «Si os do «Marbel» se opuxesen activamente á saída, serían xuzgados en Consello de Guerra».

A roda de prensa rematou insistindo na necesidade dunha revisión periódica das medidas de seguridade nos propios barcos, así como da creación dun auténtico servizo de seguridade en todos os portos. A esixencia de responsabilidades neste caso é un dereito dos traballadores do mar.

Pensamos que a vida dos mariñeiros merece esto e moito máis.

PIROPOS, AGRESIONS... VIOLACIONES!

BERTA REY

(Membra da Asociación Galega da Muller)

Pero, ¿quén son os violadores? — tolos, obsesos sesuáis — respostarásenos unha vez máis, pretendendo agachar baixo destas afirmacións unha realidade moi diferente: a violación non é, nin máis nin menos, que a derradeira, a máis forte violencia que se pode exercer ao cabo dunha longa ringleira de agresións verbáis e físicas a que se nos somete decotío. Sustos, disgustos e golpes. Violencias que milleiros de mulleres sofren na cama porque se sinten na obriga de facer o amor co seu home. Todo isto é moeda común das nosas vidas, anque na mentalidade dos homes, se non hai violación legal, o asunto carece de importancia.

A sociedade capitalista e machista na que vivimos, por medio dunha educación discriminatoria e dunhas leis que non son máis que a cobertura legal dunha dobre moral restritiva prás mulleres e permisiva pra os homes, apréndenos dende nenos a desempeñar uns papeles ben definidos, nos que o home-persoa e a muller-obxecto, representan dous modelos impostos que producen, tanto nun coma noutro seso, milleiros de frustracións por non ter todas as características propias do ideal fixado.

¿Qué sinte o home coitado que non é — como dí a propaganda — un agresivo «hombre de acción»? Ou, ¿qué saída dá ás súas frustracións o home normal sometido á violencia dunha sociedade onde, pra ser alguén, tén de pisar aos outros? Nunha sociedade feita polos homes e pra os homes, na que o poder se identifica co falo e a dominación tén unha clara correlación coa potencia sexual, o home desfog a súa impotencias cotiás sexualmente coas mulleres, eses seres a medias, nados pra e por eles, que, se non se dan, se toman. Aquí está o orixen do medo no pobo, e do medo na muller, a saír soías na noite ou a saír na noite anque seña acompañadas. Aquela imaxe da muller independente e emancipada que conquistara o seu dereito á civilización e á convivencia deica onte privativa do home, non foi máis que un produto elaborado pra dar unha aparencia do país que daquela era comenente ofrecer, e que se suprimíu dun plumazo en canto interesou potenciar outra vez o medo e máis a represión.

Dun tempo a esta parte, é cousa normal nos xornáis a aparición de novas que falan de violacións sufridas por mulleres. É abondan tanto, que pasaron a formar unha sección practicamente fixa que, como a carteleira ou os anuncios, non sorprende nin escandaliza a ninguén. Tén que aparecer a noticia dunhas cativifias brutalmente violadas — como as de Vigo destes días pasados — pra que a insensible conciencia do lector desperte dese letargo ao que foi sometido polo uso e abuso dunhas novas que xa o deixaron de ser hai tempo.

Aparte da fonda repulsa e do arrepío que nos produciu o feito, ás feministas non nos véu decir máis que que as mulleres, por ter nacido muller, somos susceptibles de ser violadas sin importar a idade, xa que as vítimas mesmo son vellas de 80 anos que rapazas de 6.








XURXO LOBATO

Si, o Sistema é o xenerador indirecto da agresión sesual — como de todas as outras accións que coñecemos co nome de delitos sociais —, e o pobo, que non tén acceso a ese poder, é a súa vítima. Pero non podemos esquecer que as mulleres somos conxuntamente asoballadas polo sistema e polos homes, e que, diante das agresións diarias — piropos, insultos, golpes — mesmo que das violacións, non temos lei que nos protexa, porque probar unha violación é difícil, senón practicamente imposible. A esto temos que sumar que na moral vixente, a violación é motivo de deshonra da muller e do seu poseedor legal, pai ou home; por esta razón, faise moitas veces duro pra unha e pra os outros sacalo á luz pública. Nembargantes, a DENUNCIA de todos os casos tén de ser o noso primeiro obxectivo. Descubrir esa dobre moral burguesa, levar á prensa, á opinión pública todo o que seipamos...

Pero o proceso non é reversible, e a resposta pasivamente esta situación. Resulta difícil pensar que as mulleres, onte e hoxe marxinalizadas da sociedade, non señamos capaces de nos movillizar na defensa da nosa reafirmación como persoas. Efectivamente, o luns, día 9 de xaneiro, e organizado pola Asociación Galega da Muller de Vigo, manifestaron o rexeitamento do brutal atentado á integridade física e moral de que foron obxecto 3 rapazas menores de 12 anos, unhas 1.500 persoas, que percorreron as rúas desa cidade pacificamente. Dous «jeeps» e un autobús das FOP arremteron contra da manifestación, espallando á xente.

Pero o proceso non é resersible, e a resposta das mulleres fáise máis xeral cada día. A loita por unha sociedade máis xusta, onde non existan opresións entre homes, clases ou sesos, é imparabile. E esto non són eu quen o inventa. Xa Marx no seu tempo escribía: «A humanidade nunca se propón máis que problemas que pode resolver, pois mirándoo máis detidamente, veráse sempre que o problema mesmo non aparece máis que cando as condicións materiais prá súa resolución ou xa existen, ou se atopan en estado de existir». (C. Marx, Contribución á crítica da economía política).


O CASTRO  E SARGADELOS  SON CENTROS QUE MANUFACTURAN CERAMICA CON TERRAS GALEGAS E CON IDEAS DO NOSO TEMPO. MAIS TAMEN COLABORANDO CO LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA  E O SEMINARIO DE ESTUDIOS CERAMICOS  IMPULSAN E ESPALLAN POLO MUNDO O ARTE E O COÑECEMENTO DE GALICIA AO  TRAVESO DO MUSEO CARLOS MASIDE E EDICIOS DO CASTRO

Catalunya:

O caso Viola eco dunha repitição

Barcelona.— Emilio Veiga

A semana política catalana vén marcada polo atentado que lle custou a vida ao ex-alcalde de Barcelona, e candidato derrotado nas pasadas eleccións por Lleida, señor Viola e á súa muller. Antes que nada, compre enmarcar o feito como a culminación dunha serie de atentados que escomenzou coa queima do Scala, ao que lle seguiu unha bomba contra a cárcel Modelo, e todo isto en menos de dúas semanas. Por eso podemos denominar a esta a semana moura, como pasara hai agora un ano en Madrid, e a súa faciana política vén dada primeiramente polo efecto desestabilizador que obxectivamente produce.



O feito foi inmediatamente capitalizado pola ultradereite pra culpar ao marxismo do atentado, xa o mesmo día no servizo municipal de pompas fúnebres de Barcelona; mentras o Ministro do Interior, señor Martín Villa, comentaba cos periodistas diversos aspectos do atentado, entre o remuíño de xente estaba o dirixente ultradereitista Alberto Royuela, decíndolle ao Gobernador Civil, señor Belloch, «esto é unha vergonza», mentras este se facía o despistado. Despois declaráronos: «non me fagan falar», pro nós insistímolle, e o señor Royuela destapouse así: «Oín que o ministro decía que hai que replantear non sei qué, e ao primeiro a quén hai que replantear é a el». ¿Cree que é unha cuestión de cambio de persoa? «Claro, que me poñan a mín». Cando lle preguntamos cales iban ser as líneas xerais de orden público que iba levar, díxonos: «non llo digo que despóis cópianmo, pro seguro que o faría millon» e nós non dubidamos que lle gustaría, señor Royuela.

Ao día seguinte, no funeral, ao que asistiron unhas setecentas persoas, montaron o número e ben. «Exército ao poder», «Vivas a España», ao Exército, ás forzas de orden público, berros de «Franco, Franco, Franco»; Martín Villa, Tarradellas e Socías non saliron demasiado ben parados.

Unha cousa queda clara, e é que no intre conflictivo en que se atopa a discusión das autonomía, da constitución, este tipo de atentados non lles fai nada ben; sobor de todo porque voltarán esgrimir o perigo do golpe, perigo que, como nos declarara Carlos Hugo de Borbón Parma o vernes pola mañá, «non existe obxectivamente; o que pasa é que lle vai moi ben á dereita pra mudar as cousas, pouquiño a pouquiño, é á esquerda pra xustificar a súa prudencia».

Dende o primeiro intre, e esta é a outra faciana política do asunto, empezouse a especular coa sementanza que tén este atentado co caso Bultó, e rápidamente se acusou aos amnistiados, presuntos autores da morte de Bultó, cuxa culpabilidade non foi demostrada, como autores do mesmo; mesmo apareceron, según fontes policíais, testigos dispostos a xurar que víron a retirada a Monserrat Tarragó, Carles Sartre e Josep Lluís Pérez, afirmando que a ún reconócérono polos ollos, inda que iba encapuchado; á suspicacia popular represéntaselle estraño que foran eles. ¿Cómo é que non estaban vixiados? Si estaban vixiados, ¿cómo puideron facer un artefacto tan sofisticado?, ou, cando menos, ¿cómo se fixeron con el? ¿Cómo puideron fuxir se se deu ao momento conta á policía bloqueándose deseguida todas as saídas de Barcelona? Estas dúbidas merecen, cando menos, unha clarificación antes de cargarlles os mortos. Todos eles deixaron súas respectivas casas pouco despóis de que Martín Villa fixera o recurso contra da súa amnistía o pasado 12 de novembro.

Cando rematamos esta crónica, chéganos unha nova que bota luz en boa parte sobor das suspicacias que verquemos nista última parte; trátase dunha carta manuscrita que fixeron chegar os presuntos autores e os familiares traspararon aos medios de comunicación. A carta indica que ningún dos tres acusados teñen nada que ver co atentado contra o matrimonio Viola. Os autores do manuscrito indican que esperan demostrar no seu día que teñen probas dabondo pra mostrar a súa inocencia, así como a imposibilidade da súa participación no feito do que se lles acusa. Na espera de que se clarifiquen as cousas, nós non aventuramos ningún xuízo, pero, polo menos, hai que poñer en dúbida os dos demás.

Parlamento:

Os maioritarios preparan as Municipáis

As eleccións municipais terán lugar dentro duns poucos meses, antes do 15 de xunio, en calquer caso. Mesmo poderían adelantarse se progresa o proxecto de unidade socialista, porque ao partido do presidente Suárez interésalle acudir a unhas eleccións nas que o nemigo apareza o máis esfaragullado posible.

O proxecto de lei de eleccións municipais está xa nas mans da ponencia. Días pasados rematou o prazo de presentación de emendas, e delas, e do texto proposto polo Goberno, pódese deducir como se desenrolarán uns comicios que poden transformar a vida local de pobos e cidades.

Un dos elementos máis denunciados é o enfoque que no proxecto gubernamental favorece a representación dos partidos políticos maioritarios. Neste senso, unha emenda comunista á totalidade pide espesamente que desapareza un fato de limitacións. Así mesmo, pronúncianse outros partidos minoritarios con representación no Parlamento.

Vexamos cales son as condicións que resultan máis favorables ás grandes formacións políticas: o número de concellais asignados pra os municipios maiores de cen mil habitantes —aqueles nos que os grupos minoritarios poderían acadar maior ou polo menos algunha representación— é proporcionalmente menor ao que lle correspondería pola súa poboación.

As coalicións de partidos vénse limitadas, pois resulta obrigado realizar o mesmo tipo de coalición en todos os municipios dunha provincia, ou non facelo en ningún. Ou seña, que se dous grupos políticos se presenta unidos por estratexia electoral nun pobo, deberán facelo igualmente en todos os da provincia.

Aqueles partidos que non acaden polo menos un cinco por cento dos votos, non van obter posto de concellal. Esta disposición resulta claramente ventaxosa pra os partidos maioritarios, sobre todo naquelas provincias nas que as formacións xa de por sí minoritarias se presenten desunidas.

Outro condicionamento considerado limitador polo P.C.E. e o Partido Nacionalista Vasco, é o establecemento dunha fianza de cinco mil pesetas pra cada candidatura. Consideran os dous partidos enmendantes que a obriga de depositar esta cantidade resulta discriminadora.

Por outra banda, todos os partidos considerados de «oposición parlamentaria», de quitado o PSOE, están en contra de que resulte elixido directamente alcalde o concellal que obteña un meirande número de votos. «Un municipio así elixido —opinan— plantexará moitos problemas». O P.C.E., a minoría catalana e o PNV coidan que sería máis oportuno a votación de alcalde polos propios con-

cellais electos. Neste caso, o PSOE e a UCD coinciden por teren intereses semellantes. Os dous partidos maioritarios pensan ser os primeiros en bon número de municipios, cuxas alcaldías queren ter aseguradas.

Finalmente, está por decidir un aspecto de enorme influencia nos resultados. A Constitución —meillor dito, o proxecto— fixa a maioría de idade nos 18 anos. Se a Constitución sal adiante, e non resulta modificada neste punto, os dous millóns de mozos que hoxe contan entre 18 e 21 anos, poden modificar considerablemente o panorama municipal previsto. Si as eleccións se producen con anterioridade á Constitución, todos os partidos que se crean beneficiarios do voto dos mozos deberán apoiar as emendas propostas ao artículo seis pra que señan considerados electores quen os día da votación teñan cumpridos os dazaioito anos.

As discrepancias noutros puntos de menor interés, maniféstanse según as comenencias dos partidos. O PSOE, —co que probablemente xa se terá fundido o PSP pra daquela— quere unha campaña corta de 14 días; o Goberno quere 21 e o P.C.E. 28. Porque ao Partido Socialista non lle interesa que o Goberno capitalice a súa imaxen dende o poder, en tanto que o P.C.E. se propón empregar o período electoral en fins lexitimamente propagandísticos.

A desaparición de Pertur

Declaracións das dúas ramas de ETA

San Sebastián.— OARSO

A publicación de dous documentos elaborados polas dúas ramas de ETA e unha segunda nota da familia, siguen mantendo de actualidade o caso Pertur. A outro nivel, o fin das reunións, en Madrid, entre UCD, PNV e PSOE pra elaboración da emenda constitucional sobre Navarra, constitúe o segundo foco de atención na política vasca.

OS «MILIS» ENFADANSE

A resposta da rama militar de ETA á roda de prensa da familia de Pertur foi fulminante. Nunha nota feita pública en Bilbao acusaba á familia de maniobrar «dende posicións políticas dereitistas» contra a súa línea de actuación, baseando esta afirmación nunha carta remesada por Asur Bergaretxe —tía do desaparecido— á dirección daquela organización, na que lles pedía que interrompisen as súas accións armadas ou veríase na obriga de facer público o que sabía sobre o seu sobriño. Asimesmo, na devandita nota, facíanse diversas consideracións sobre o conteso político da súa desaparición e viñan afirmar que había grandes diverxencias entre os acusados e máis a corrente «minoritaria» de Pertur referente á marcha da organización. Estas diverxencias resolveríanse posteriormente coa espulsión, por parte dos «berezi», da súa dirección e posterior fusión coa rama militar de ETA, según a nota da propia rama militar.

AS RAZONS DA FAMILIA

Ao día seguinte, a familia facía pública outra nota, na que rexeita-

ba as acusacións de dereitismo e señalaba que eran os propios «milis» quen lle comunicaran por primeira vez as sospeitas sobre dos presuntos autores, agora denunciados públicamente.

Según declararían a A NOSA TERRA familiares de Pertur, a razón que os movéu a agardar tanto tempo pra publicar os datos, era a existencia de presos políticos vascos, tanto no Estado Español como no francés, e as mobilizacións pra sacalos das cadeas. A publicación destes constituiría unha baza contra todo o anterior e as mobilizacións e posteriores escarescerían terían recibido un duro golpe. A familia non confirmou nin desmentiu que os autores do feito puidesen ser «Apala» e «Patxi» Mugica, tal e como apareceu nalgunha prensa.

A ORGANIZACION DE PERTUR ACLARA

Tamén os político-militares fixeron pública unha longa nota pronunciándose sobre este asunto, na que se di que diante da inexistencia de probas concluíntes, a hipótesis da familia non pasaba de ser unha máis, que ademais non escluíu ás outras. Asimesmo, a rama político-militar de ETA tras non dubidar da honradez da familia do militante desaparecido, precisaba as afirmacións dos «milis» no referente ao conteso político no que se desenvolveu o secuestro e presumible morte de Pertur, afirmando que as discrepancias no seo de ETA se debían a diferencias de criterio a partir da morte de Franco e agudizadas, co desenlace do caso Berazadi. Esta organización confirmou o primeiro secuestro de Pertur por varios elementos dos «berezi» e a petición de permiso pra xuzgalo, petición

que non foi atendida pola dirección de ETA.

Por outra banda, censúrase duramente a versión de ETA militar referente ás posicións políticas na súa organización e lembra que representantes militares que asistiran á VII Asamblea de ETA sabían perfectamente que a posición de Pertur —a da creación do que despóis sería EIA— era maioritaria e que chegaron a afirmar públicamente estar máis próximos destas posturas que da dos «berezi».

Tamén confirmou que as primeiras noticias que tiveron tocante á posibilidade de que os autores fosen elementos dos «Berezi», fóronlles facilitados polos propios militares.

Finalmente, tras criticar a editorial de «El País» sobre o tema, esta organización amósase partidaria de que continúen as investigacións e de que o pobo vasco conoza a verdade.

ULTIMOUSE O ACORDO SOBRE NAVARRA

Noutro nivel, é destacable a satisfacción creada pola firma do acordo sobre o xeito de incorporación de Navarra ao réxime preautonómico vasco, que será decidido por maioría simple tanto no organismo que convoca o referéndum como no propio referéndum.

Que esta convocatoria poida realizarse cada cinco anos, ou seña, despóis de cada elección xeral, fixo que os parlamentarios de Navarra de UCD non aprobasen a emenda constitucional elaborada neste senso. De todos os xeitos, a emenda está suscrita pola UCD estatal, feito que calmou dabondo os crispados ánimos que escomenzaban a florear en Euskadi.

Inglterra:

As autopistas, en cuestión

LONDRES CARLOS DURAN

O ministro do transporte, Mr. Rogers, afirmou nunha conferencia de prensa celebrada na última semana de xaneiro que o proxecto da Autopista M 40 entre Birmingham e Oxford foi abandonado a causa da crítica da política gubernamental de carreteras espresada pola comisión Leitch.

O «Informe Leitch», presentado oficialmente a fins de ano, apunta que o Ministerio do Transporte ignora ou subestima os posibles efectos da construción dunha autopista, e que non téñen instrumentos axeitados para avaliar eses efectos nin é quen de prever estadísticamente o tipo de circulación futura. Polo tanto, recomenda facer estudos «antes e despois» da construción dunha carretera, e establecer un sistema eficaz para calificar se unha autopista é ou non é desexable. Por outra banda, sempre según o devandito informe, o argumento de que unha autopista trae sempre o progreso para unha zona é falaz; pois tamén se pode demostrar o contrario; por eso é recomendable revisar o método empregado na planificación das vías de comunicación, para que esteñan harmonizadas coas verdadeiras necesidades de cada distrito. O informe rema-

taba coa conclusión de que en moitos casos nos que se fixeron autopistas coa tecnoloxía máis sofisticada, chegaría cunha estrada local que ocupase menos espacio.

Despois de analizar o informe, o Ministerio decidiu, según comunicaría o mesmo Mr. Rogers, construír unha carretera á que, no caso de ser preciso, se poderían engadir máis tarde desviacións. O ministro aceptaría as conclusións do «Informe Leitch», mesmo aquela que afirmaba que as decisións relativas á construción de carreteras son máis políticas que técnicas.

ULSTER

Ante o chamamento de Mr. Jack Lynch en prol da paz na Irlanda do Norte, no que prometía que perdonaría ao I.R.A. se depoñía as armas, o Partido Unio-

nista —o máis poderoso do Ulster— reaccionou negándose a recomenzar as conversas sobre a autonomía namentras que o Goberno Británico non lles asegure o non acceso ao poder dos católicos. Os protestantes, aparte de considerar que somente está formado por terroristas, nunca escriben o nome enteiro do I.R.A. (Exército Republicán Irlandés), tentando así desviar fronte á opinión pública o miolo da cuestión: que os protestantes, herdeiros dos colonos británicos, son os donos do poder político e económico, namentras que os católicos, herdeiros das tribus irlandesas derrotadas polo poder Británico, non teñen nin siquiera acceso ao poder político.

Mentras, os programas dunha canle comercial de TV. eran saboteados por membros da Sociedade da Língua Galesa que, nunha nota recibida nun xornal galés, se facían responsables de desconectar os transmisores en señal de atención cara a súa reclamación de que se poña unha canle de TV exclusivamente en lingua galesa.

Portugal: xiro á dereita

Antonio Pereira Desilva

En termos de defraudación, descontento, e mesmo de «pacto contra natura», maniféstanse todos os partidos políticos da esquerda fronte ao novo Goberno de socialistas e demo-cristianos que terá Portugal. Con este endereitamento, que obtén o apoio da Europa comunitaria, de Washington e do Fondo Monetario Internacional —que xa asegurou as primeiras prestacións por valor de 750 millóns de dólares—, a economía portuguesa pode collear, momentaneamente, certo pulo e, fronte aos vaticinios dun Goberno pouco duradeiro, posiblemente, e en contra de todos os pesares, estaremos diante dun Goberno pra durar.

Un Goberno que comenza a coincidir, incluso formalmente, co xiro á dereita que se está a experimentar en Europa e, singularmente, coa posición do propio Goberno español de Suárez, mantido por un partido, a UCD, moi próximo ao CDS portugués, mesmo por ter nas súas filas vellos fascistas de ambas partes da fronteira política hispano-portuguesa.

De calqueira xeito, as condicións do FMI, aínda cun Goberno PS-CDS, non deixarán de ser duras, anque é posible unha certa flexibilidade nas restricións ás importacións que o programa de 1978 prevé.

O obxectivo de manter a inflación nun 20 por cento será difícil, o mesmo que a contención dos aumentos salariais. O CDS apoiará, sen dúbida, certa liberalización e máis a aplicación da lei Barreto —volver poñer na man de terratenientes e absentistas as extensións hoxe aproveitadas en común polos labregos— na reforma agraria, en contra do criterio do PCP, feito que dera lugar á ruptura de negociacións entre PS e PCP. Soares, pra seguir no poder, garantizará que Portugal entre nunha economía de mercado planificada daccordo cos estudos e esixencias dos técnicos do FMI.

Fronte a estes novos feitos, os partidos veránse obrigados a redefinir o seu eido ideolóxico e estratéxico e, aínda que en Portugal non haxa un pacto da Moncloa, cando empece a andar o presente proxecto económico, que trae atrás moitas restricións, as clases traballadoras van sufrir as consecuencias. Somenta resta saber cal será a actuación do PCP de Cunhal, se colaborará co Pacto ou se presionará, ao través da Intersindical, pra manter tensas as rendas dun cabalo que se lle pode ir das mans. Polo de agora, o PCP limi-

touse a facer unha concentración masiva no Campo Pequeno de Lisboa e a que Cunhal atacase pola TV ao PS.

O acordo firmado por Soares e Freitas do Amaral, compromete ao CDS a non poñer en cuestión a estabilidade do Goberno na Asamblea da República, e o Goberno terá que mantelo informado no tocante aos principais sectores de acción gubernativa, acordo valedor hasta o 1980 e no que se especificará a política referente a educación, saúde e seguridade social, entre outros sectores, e incluirá «as orientacións a seguir en materia de desenvolvemento regional, con vista á superación dos profundos desequilibrios existentes»; todo isto guiado, como non, polo obxectivo fundamental: «vencer a crisis e salvar a democracia». O programa previsto é, pois,

adivinha quem vem roubar?



doble: plan de estabilización, daccordo coas recomendacións do FMI, e plan de desenrolo a medio prazo. En canto á Reforma Agraria, a pesares da declaración do pacto de que a súa lei de Bases será executada tendo en conta o interés nacional e o aumento da produción, é moi posible que o CDS veña incluír modificacións. Referente ao ensino, o privado será apoiado e financiado polo Goberno, según declaracións dos demócrata-cristianos.

As medidas económicas asentadas nunha política monetaria restrictiva, mantimento da cesta da compra, adopción dun código de precios, perfeccionamento do sistema tributario, establecemento de topes salariais, fomento da inversión privada e creación de emprego.

Nembargantes, anque se sabe que o Consello da Revolución xa deliberou sobre o pacto PS-CDS, non fixo pública ningunha nota, pero acaba de comunicar que tanto Spínola como Osorio e outros militares implicados en sucesivos intentos de golpes fascistas, poden voltar a se reincorporar ás Forzas Armadas, o que se interpreta como un claro xiro á dereita, a pesares da reincorporación, asimismo, de Saraiva de Carvalho e Rosa Coutinho, xunto con outros militares de esquerda que, aínda así, seguirán sometidos a expediente disciplinario.

Por outra banda, grupos de capitáns con opción política, crearon un novo movemento militar democrático, composto, según declararon, por máis de douscentos membros, e non se descarta que o Consello da Revolución veña facer unha política paralela á do Goberno PS-CDS que faga comprender a Europa e ao FMI que algo

está cambeando en Portugal, cando precisamente a NATO chegou a facer un estudo que afirma que hasta pasados 4 anos, os militares portugueses non acadarían o grado de despolitización necesaria.

ITALIA: O teito do «eurocomunismo»

X. A. GACIÑO

O «eurocomunismo» está atravesando a súa proba máxima en Italia. No momento no que escribo estas liñas, aínda non se sabe cal será a saída da crisis política actual no país italiano, despois que o Partido Comunista —empurrado pola súa base— mostrara o seu desacordo co uso que o goberno demócrata-cristiano facía do acordo dos partidos chamados de «arco constitucional» (un acordo que era unha especie de «Pacto da Moncloa» á italiana) e rachara o equilibrio inestable que se creara por dote acordo.



A crisis política estaba máis ou menos larvada dende que as eleccións de 1976 produciran a bipolarización entre dous partidos, a DC e o PCI, ningún dos dous con maioría abondo pra gobernar en solitario. O acordo a que entón se chegou de dar ao goberno monocolor de Andreotti unha especie de voto de «non desconfianza», baseado nun fado de puntos que conformaban un programa de goberno pactado, era xa, dende a súa formulación, un acordo destinado a crebar en calquer momento, polas dificultades de controlar a posta en práctica dun programa que somente o Goberno demócrata-cristiano podía executar, sen que os restantes partidos poideran vixialo dende o Parlamento, polo seu compromiso de «non desconfianza». O PCI, no seu momento, aceptou deixar na carteira o seu plantexamento de «compromiso histórico» (un amplo goberno de «salvación nacional», no que participarían os comunistas), por non asustar de máis aos «poderes fácticos», tamén presentes na supostamente consolidada democracia italiana, «poderes fácticos» nos que hai que incluír a presión exterior de Norteamérica (cuos gobernantes non ven con bos ollos a presenza de comunistas, por moi «euros» que señan, nun Goberno europeo occidental) e a presión interior de Igrexa (posta de manifesto nestes días, nos que a Comisión Episcopal Italiana volveu condenar ao marxismo, convertíndose así en elemento belixerante da política do país).

Pero os «eurocomunistas» italianos víronse desbordados polas súas bases, diante da perspectiva de que o PCI se queimase no apoio a unha política económica destinada a salvar os intereses dos monopolios (que son os que representa a Democracia Cristiana). O PCI vía o perigo de perder as súas bases electorais, feito que enterraría pra sempre a viabilidade do modelo eurocomunista. Por iso, tivo que se facer o duro ante a DC e plantexar a actual crisis italiana, sobor da base de que a solución ao problema era, sinxelamente, a formación dun goberno de concentración nacional (concepto que se nos fai familiar aos que padecemos a actual política española).

Pero as saídas da crisis son moi limitadas, sobor de todo despois de que Washington puxo o seu veto á presenza de comunistas nos gobernos occidentais, o que descarta totalmente a posibilidade dun goberno de concentración. A convocatoria de novas eleccións non as quere ningún, quizais porque ninguén está convencido de que os seus respectivos electores refrenden a política seguida polos partidos durante o ano e medio que xa decorreu dende os anteriores comicios, e que non serviu pra remontar o caso económico e a inseguridade política nos que se desenvolve Italia. A saída, pois, será, unha vez máis, un novo acordo de apoio parlamentario a un goberno que ben podería ser tamén democristiano (anque posiblemente con máis concesións á esquerda) ou, máis difícilmente, «laico» (pero sin comunistas) ou técnico.

Nese contexto de febleza política, Italia téñen que enfrentarse cos graves problemas económicos, e ca saída desesperada do terrorismo, mentras forzas máis á esquerda do PCI —como os grupos da coalición Democracia Proletaria— tentan facer compatible un traballo parlamentario, aínda nos comenzos, co da organización revolucionaria das masas.

En calquer caso, a actual crisis italiana —como á previsible creba da unión de esquerdas nas próximas eleccións francesas— poden sinalar o teito das posibilidades do «eurocomunismo» no marco da democracia burguesa, aínda non disposta a asimilalo.

Fútbol Bos resultados

Ao parecer, os equipos galegos, a nivel xeral, despertaron do sono que os tivo aletargados dende que escomenzou a liga.

Certamente, a pasada semana foi boa en resultados, anque non en fútbol de calidade, pra os representantes galegos na Segunda «A» e na Segunda «B» de fútbol do Estado español.

O Deportivo da Coruña, aínda que non convencéu a ninguén no campo de xogo, ganou con todo merecemento ao Málaga en Riazor.

De non ser porque Buyo fixo grandes paradas cando os goles xa eran cantados, e de non ser tamén porque o Málaga non acreditou en nada a suposta clase futbolística que debe ter un equipo da súa categoría, o Deportivo non se tería feito tan facilmente cos dous puntos que o manteñen plenamente nas súas aspiracións de permanencia.

Nembargantes, e ca liga que queda, calqueira tropezo podería acarrexar doentes consecuencias cara a clasificación final.

O Celtiña borróu, e ben, o erro do último partido xogado en Balaidos. Nesta ocasión foi empatar a Murcia, o que lle dá moitas aspiracións de conseguir un deses primeiros postos que dan acceso dereito a primeira categoría do Estado español.

O que tén que facer agora o Celta, é seguir con isa renovación que xa leva tempo acometendo. A inclusión de novos xogadores, coma Carlos, Xosé, Suárez, etc. está dando xa os bos froitos. Nembargantes, ista renovación tén de ser máis forte, e homes coma Castro,

Manolo e Xán teñen que ir deixando o seu posto a outros rapaces. Non porque neste momento estes xogadores non valian pra práctica do fútbol, senón porque pouco tempo máis lle queda de pleno rendimento, e, en canto isto pase, os seus postos deben estar cubertos do millor xeito posible.

O Pontevedra, a pesares de seguir arraxando puntos no seu campo, nesta ocasión 2-0 contra o Pegaso, non convence a ninguén e o seu fútbol é cada día máis falto de ideas.

Seguímos pensando que no Pontevedra as augas non son todo o limpas que deberan ser. Mais coma os últimos resultados lle permiten manter un dos postos de privilexio cara ao ascenso, millor é quedar á esculca de futuros acontecementos.

En canto ao Ourense, compre decir que non foi capaz de lle ganar ao modesto Sestao, e, como mal menor, tívose que ir conformando cun empate a un gol.

Se ollamos a clasificación xeral, non é difícil de entender a falla de aspiracións do Ourense na presente liga. Conta con 24 puntos, dous deles positivos, o que fai que non haxa medo de descenso, pero tampouco moitas aspiracións de ascenso.

O malo do Ourense é que pasa dous ou tres anos facendo bós xogadores, e en canto os tén feitos, desfáise deles por catro patacións, e outra vez a escomenzar... sin contar co senso dos socios, que teñen, dito sexa de paso, como obriga e deber sóo un: Pagar, e de vez en cando berrar e desfacer a gorxa, pro coma se na-



da. E dito seña tamén de paso, isto non pasa samente co Ourense, senón, e aínda máis, en todos os equipos galegos.

O Compostela foi o único que non conseguiu nada proveitoso no seu partido xogado no campo do Ensidesa. A pesares de que os xogadores compostelanos se defenderon inda ben, non poideron impedir saír derrotados por un gol a cero.

Según o meu parecer, o Compostela debe manter a vontade que demostra no campo, as ganas de xogar e de sacar adiante o partido, e de paso o nome do Club. Dempóis xa virán os resultados, e en caso de que isto non aconteza,

polo menos os xogadores quedarán salvados das posibles responsabilidades.

Pra rematar o comentario, hoxe tócalle a louvanza e o panexírico ao Ferrol. O pasado domingo xogou en Langreo un dises partidos que non olvidan os aficionados, desbordando ao contrario en todos os terreos, no da forza física, no da calidade técnica, no das ganas de saír co trunfo, etc.

O Ferrol diste ano pode loitar pra conquistar calquera posto na división en que milita. Conta cunha plantilla totalmente moza e xa con unha experiencia bastante acusada. Xogadores coma Perea, Richard, Corral, Nando, Argue-

so, etc., son un bón exemplo disto. Non creo que ao Ferrol lle interese o máis mínimo conquistar un ascenso na súa categoría, xa que, se ocorre isto, o máis seguro é que non poida manter os xogadores que tén actualmente e que en próximos anos teña que facer unha desfeita parecida á do Ourense na pasada liga, e á propia do Ferrol de hai uns anos, cando deixou marchar homes coma García, Castro, Fernández Amado... Nembargantes, de seguir nesta liña, o Ferrol pode facer unha das mellores campañas dos últimos tempos da historia do Club.

MONCHO VIÑA

CAZA FRASES - TOPICO

Cando ún se pón a ler calquera das publicacións que hoxe se editan pra disfruíto de cazadores, non se pode por menos de topar con certas frases nas que a vista se detén. Son frases rechamantes, frases-tópico, rimbombancias que soan ben e enchen a boca de quen as queira pronunciar. Outras, sin dúbida, chaman a atención precisamente polo contrario, por ser frases sinxelas e naturais.

Traemos hoxe aquí algunhas mostras dunhas e doutras cun dobre obxectivo: por unha banda, pra tratar de restarlle algo da aparatividade e ampulosidade con que algúns pretenden arrodar eso que se chama a caza, e pola outra, por ver se cazadores e conservacionistas se poden dar a man ás veces. Neste senso, temos un par de frases recollidas de publicacións cinexéticas: «Sin embargo la veda ofrece intensas y variadas alegrías, porque el cazador es en primer lugar un enamorado de la Naturaleza», «Sí, la caza tiene encantos, los tiene y aún más la observación de los animales en libertad». Un sí rotundo pra estas frases. Como mostra das outras, velahí van algunhas: «disparando con pasión pero sin odio» é a primeira das que merecen ser desmitificadas, coma esta outra: «Siguiendo la no escrita regla de oro que distingue al cazador del ma-

tarife» e non digamos xa esta outra: «Las viejas y nobles sociedades de monteros» ou esta: «mantener perenne el fuego sagrado de la caza». ¿Son ou non son frases rimbombantes? Un non rotundo pra elas. ¿E qué opinan desta?: «la tremenda presión de los predadores». E que algún parece non decatarse de que o animal predador, debe inesorablemente cazar pra sobrevivir, é condición indispensable da súa identidade, namentras que o señor que sal ao monte un domingo ca súa escopeta na man, faino hoxe por enredo, por diversión. E que ás veces nos pasamos que dá gloria, e como se nada, como aquel que escribe o de: «esa preciada pieza de caza mayor», non decatándose de que as especies animais son eso, especies, seres vivintes, denantes que pezas de caza, como un mecánico é mecánico, pro home antes que o outro, e como tal, merece consideración.

Rematamos cunha frase, tamén recollida da prensa venatoria, que merece un sí grande e que non precisa comentarios: «...y esperamos que en un futuro próximo la zona occidental sea repoblada, reparando la masacre que irresponsablemente hicimos en Ancares y montes de la Galaico-Durlense».

PATIÑO

Deporte esquencido

TRES EN RAIA

Uns deportes nacen, e outros esquencense. Deportes moi parecidos, uns teñen unha grande publicidade e outros nunca saíron dos seus moitos practicantes e se cadra están considerados aínda como xogos, xa que nunca se lles déu un certificado oficial. Mergullados nunha sociedade consumista, importan máis os cartos que podan xenerar que a súa práctica, importa máis axudar aos deportes que se practican noutros

países, pra así poder competir con eles e gabarse das vitorias como se fora dunha guerra, que axudar aos deportes das distintas nacións, anque seña en perxucio da súa propia identidade.

Pasaron xa por estas páxinas algúns dos deportes que se practican moito na nosa nación, e hoxe case desaparecidos. O pobo sempre adapta os deportes ás súas circunstancias especiais, maneira de ser, tempo de practicalos, lugar, etc.

Un distes deportes galegos dos que se cadra nunca houbo competicións oficiais, pero do que se xogaban día a día milleiros de partidas é o chamado «as areas» ou «tres en raia».

Parente próximo do axedrez, pero menos complicado, tén a ventaxa de que se adeprende a xogar nun minuto, e noutro está artellado todo para xogalo anque

antes non se contara con nada do imprescindible.

O «tableiro», un cuadrado atravesado por dúas rectas que saen do centro de cada ún dos lados e o dividen en catro partes iguais, pódese marcar na capa dun valado, na terra, nun papel, en calquer lado. Tamén fan falla tres «fichas» pra cada ún dos dous xogadores, iguais tres a tres, que ben poden ser: un areas e outro guizos, millos, fabas, etc.

Escomenza a partida colocando un dos xogadores unha ficha na intersección de dúas rectas, despóis o outro xogador chantará outra e así hastra ter as tres colocadas, logo irán mudando, vez ún e vez outro, de interseccións a interseccións, hastra que ún conquira poñer as tres fichas nunha mesma raia, intre no que tén gañada xa a partida.

PUCHEIRO

SELECCION GALEGA

Neste recuadro, tratamos de recoller unha suposta «SELECCION GALEGA», que semanalmente irán integrando aqueles xogadores que consideramos están nun millor momento de xogo.

Buyo (Deportivo), S. Santomé (Celta), Ballesta (Deportivo), Marque (Pontevedra), Canosa (Celta).

García (Deportivo), Nando (Ferrol), Chelis (Pontevedra), Carlos (Celta), A. Castro (Deportivo), Vavá (Celta).

SUPLENTES: Millán (Ferrol), Pardo (Deportivo), Sobral (Arosa), Pousada (Deportivo), Traba (Compostela).

LIBRERIA XA



Vila de Negreira, 3
Tlf: 261975
A CORUÑA

FAGA
UN PEQUENO
ANUNCIO
NUN SEMANARIO
AMIGO

A NOSA TERRA

OS DEBLES QUEDAN SIN TRABAJO

MARIA TERESA CONDE-PUMPIDO

O pasado ano tróuxonos unha figura xurídica, o «despido por causas obxetivas», verdadeira espada de Damocles sobre as costas dos traballadores. Un atentado contra o dereito da seguridade do posto de traballo instalouse, así, na lexislación laboral, froito non se sabe se do máis agresivo capitalismo, ou dun facismo soterrado como veremos.

As circunstancias obxetivas que poden dar lugar ao despido baséanse, por unha banda, na capacidade profesional do traballador, e por outra nas necesidades de funcionamento da empresa.

Enténdese que o traballador non tén culpa de tal situación e, polo tanto, tén dereito sempre nestes casos a cobrar o seguro de desemprego, así como a unha cativa indemnización: unha semana de salario por ano traballado na empresa. A lei marca, tamén, un prazo de preaviso, un mes por cada ano de servizo, durante o cal o traballador tén dereito a seis horas pagadas á semana, de permiso, pra tentar atopar novo traballo. O decreto que comentamos considera causas obxetivas o seguinte: a) A inaptitude do traballador orixinaria ou sobrevida. b) A falla de adaptación do traballador ás modificacións tecnolóxicas do seu posto de traballo. c) A necesidade de amortizar individualmente un posto de traballo cando non poden utilizar ao traballador pra outro posto. d) As faltas, aínda xustificadas, de asistencia ao traballo que sumadas ao longo dun ano superen o 30% da xornada laboral, sempre que non respondan a accidente ou doenza que xustifique tan longa ausencia. Como escusa pra tal figura xurídica, alégase a loita contra o absentismo laboral por doenza, sospetándose a non realidade de parte delas. A modernización das empresas ca busca de personal máis cualificado. A necesidade de amortizar postos de traballo que poden ser cubertos por maquinaria, etc. Tales razóns corresponden, como declamos, ao capitalismo máis descarado, que na busca da rentabilidade económica esquece todos os dereitos que os traballadores poideran ter, como forza que estivo ao fin e ao cabo, ao servizo da empresa. Se un traballador, despois de dez anos na empresa, pode ser substituído por outro máis novo, máis forte e cunha máis grande preparación técnica, e polo tanto máis rentable, e isto cóstalle á empresa a ridícula cantidade de 35 mil ptas. de indemnización, ¿por qué non o val aproveitar?

Pro ademais do comentado, aparécesenos unha realidade que recorda os mellores tempos do nazismo, ca busca da raza forte atraveso da eliminación dos debles. A aplicación deste tipo de despido é fácil pra dúas circunstancias. Por unha banda, a xente de certa idade, posto que eles poden ter facilmente falla de saúde, tales como reuma, artritis, perda da vista, versibilidade manual, etc., que, non sendo insuficientes pra declaración de incapacidade no traballo, ca correspondente pensión no seu caso, sí pode ser acusada de inepta pra o traballo que realiza. Esta xente, tamén, tén moita menos preparación técnica e os seus anos non lle permiten tampouco adprender agora, e lóxicamente, son presa fácil da inadaptación ás modificacións tecnolóxicas



das novas máquinas, dos novos instrumentos ou técnicas de traballo que non saben utilizar. Por outra banda, o decreto tén outro campo de aplicación, que é o da xente que non é sana, seña por debilidade conxénita, por falla de alimentación, por falla de tratamento axeitado, que fai que arrastren enfermidades mal curadas, etc. Todos os conocemos, son os que collen catarro tras catarro ao longo do inverno, os primeiros que collen todas as gripes, que teñen mal a columna, que teñen problemas de dixestión, etc., etc. Os que sempre están doentes e ademais non o finxen. A lei ditamina, entón, que os debles poidan ser apartados do traballo, que a sociedade non tén lugar pra eles. Non son o suficientemente vellos pra coller a xubilación, pro sí o son pra non resultar rentables prás empresas. Non están doentes dabondo como pra declaralos incapaciados pra o traballo. Nembargantes poden quedar fora da empresa polas chamadas «causas obxetivas».

O sistema está sendo menos utilizado do que se podería temer, sobre de todo porque os maxistrados están sendo tremendamente estrictos na aplicación desta lei. Diante das continuas desestimacións duns despidos obxetivos, que os maxistrados atopaban cheos de subxetividade, pola banda das empresas, o entusiasmo inicial decaíu dabondo, pero, con todo, sigue a utilizarse, e as grandes empresas, diante das dificultades que atopan ás veces pra conseguir a aprobación dos expedientes de crisi, acuden a este método. Tal foi o caso de Ascón en Vigo, e parece que tamén é esa a intención de Astano. Moitas veces, os traballadores, diante da posibilidade de cobrar o seguro de desemprego, e co medo de que, se non aceptan, lle fagan a vida imposible, ceden e aceptan o despido. Con todo, temos de ser conscientes de que eso non soluciona o problema. E preciso opoñerse en todos os casos, concienciarse de que na meirande parte deles a empresa non poderá probar a ineptitude, nin a entidade de inadaptación ás novas circunstancias, etc. E se non poden probar, ou tén que devolver o posto de traballo, ou, se insisten no despido, as indemnizacións serán moito máis sustanciosas e o seguro de desemprego está tamén asegurado. Aínda que somente seña por eso, opóñase vostede sempre ao despido e acuda á Maxistratura.

Pro o motivo principal é que non debemos permitir a aplicación dun decreto, pedindo a súa derogación, que reflexa unha sociedade onde é válido que os debles podan sempre quedar sin traballo.

da terra asoballada

Dar a palabra pra decir caso a caso o asoballo, embauque, insolidaridade ou ameazas que caen sobre os galegos e especialmente naquelas situacións de illacionismo físico ou social, é o sentido desta sección pra que cada ún poida informar e comunicarse con todos nós. Unha sección entendida como apoio ao dereito de expresáramos persoalmente nun medio de comunicación.

NON MAIS ESPLOTACION

Cando leo a diario a prensa, hai moitas cousas que me revolven o estómago e danme ganas de rachala; pero xa colmou a miña paciencia o ver este anuncio. Peor ¿non hai honradez nos periodistas pra publicar unha cousa cando saben que non é certa? Claro que, con tanta democracia... o que dá cartos publícase.

Resulta que o anuncio da FRIGSA xa pode ver o que di. ¿Cómo se conxuga eso, sendo que ao noso veciño Xosé Reigosa, e a outros máis, cando foron cobrar os seus becerros, que pesaban 107 e 166 kilos, pagáronlles 104 e 160 respectivamente? Preguntando por qué non lle pagaban o que pesaban os xatos, contestóuselle: «es que la carne, al en-

friar, baja de peso». Inda que esto fora decente ¿qué baremo se sigue? Por unha simple regra de tres non vemos norma fixa algunha, pois si a 107 lle corresponden 3, a 166 non lle poden corresponder 6. FRIGSA debe estar arruinada, antes non o facía. A hora de liquidar os kilos atópase ún cunha diferenza de hastra 50 pesetas menos en kilo, do que FRIGSA publica no seu anuncio. E digo eu, na plaza ¿hai esta diferenza de hasta 50 pesetas en kilo? A piel, a lingua, o estómago, as patas, etc. que non entran no peso ¿non valen nada? Na mesma FRIGSA, cóbrase ben por elas. Dícese por ahí que están autorizados polo Goberno a descontar eses kilos, bueno, é fácil que sí, pois Goberno-Frigsa, Frigsa-Goberno... xa sabemos aquilo dos Reises Católicos: «Tanto monta...» e o malo é que ca nova Xunta val montar igual. Galicia é agraria e pesqueira, e pra facer ben as cousas estará formada por: literatos, abogados, médicos, etc., ¿non sexa que veian poñer algún representante de labregos e pescadores! e se viven en Madrid, mellor.

Volvendo ao noso tema ¿por qué se deixa a FRIGSA que nos dé o camelo a través da prenea prometendo uns prezos que despois non dá? Os labregos xa sabemos quen é quen, non comulga-

mos con rodas de muiño, como en tempos atrás; o malo é que, sin comulgar e todo, temos que ir comer a FRIGSA. ¿Cándo será o día en que as empresas que alimentamos os labregos estén ó servizo dos labregos e non ó servizo do ben-dito chupe. ¿Cándo será o día en que os labregos salamos todos xuntos, a onde queira que sexa, e contra quen sexa, a defender, cos nosos medios, os sachos, os nosos intereses? ¿Cándo deixaremos de manter as vacas pra que nolas muxan? ¿De criar becerros pra que nolos coman? ¿De cebar cochos e non poder vendelos? ¿De comprar polo que nos piden e vender polo que nos dan? Eu penso que solo falta unha cousa: querer. Xa empezamos a querer, inda que con medo. ¿Fora o medo! Xuntos conseguiremos.

**Euloxio López (labrego)
Pradeda-Guntín-Lugo**



DESPIDO POR FACER TEATRO

Roberto Vidal Bolaño, ún dos fundadores do noso grupo e home que dende hai tempo vén adicándose intensamente ao traballo en pro da nosa cultura no eido do teatro, acabou de ser despedido da Sucursal en Santiago do Banco de Crédito Comercial, onde traballaba como administrativo. Entre os supostos cargos que lle imputa o Banco, figura o de «dedicarse durante la jornada laboral a traballos particulares, dada su actividad simultánea con el Banco, que según hemos tenido conocimiento se viene dedicando sin permiso».

A actividade simultánea á que fai referencia non é outra que ao «Teatro Galego», dedicación por suposto e por desgracia supeditada en todo aos seus compromisos laborais co Banco. Por elo, aparece moi claro que empregar iste argumento desconta o noso compañeiro vén ser un atentado non solo desconta os seus máis elementais dereitos, ao pretender fiscalizar o seu tempo libre non remunerado, senón tamén desconta a mesma cultura galega, na persoa dun dos seus traballadores.

Independientemente da defensa que dende o plano Sindical se está a levar adiante, cóidamos que é importante que un atropello coma iste atope unha resposta por parte de todas as entidades que dalgún xeito teñen coma razón de ser a defensa e o progreso da nosa cultura, sobre de todo tendo en conta que ista tarefa vén sendo asumida por xente cunha situación laboral semellante á do noso compañeiro, a quens as especiais características da nosa realidade cultural impón unha dualidade profesional que os forza a compartir a súa actividade especificamente intelectual con outras actividades profesionais de moi diferente signo.

TEATRO ANTROIDO

RECTIFICACION

Sobre algúns datos aparecidos na carta «Dereito a informar, deber de informar» que publicamos nesta mesma sección no número 1 de «A NOSA TERRA», o firmante, Xoañ Ignacio Talbo remésanos a seguinte rectificación: onde poñía «Unión Democrática de Soldados», ou en siglas «UDS», débese ler «Organización Unitaria de Soldados» ou «OUS».

A VERA-CRUZ DO CARBALLIÑO, SIMBOLO DUN TEMPO

F. SENEN

O Templo da Vera-Cruz do Carballiño, derradeira obra do arquitecto porriñés Antonio Palacios, é unha das máis grandes mostras da arquitectura do «nacional-catolicismo». Dende a colocación da primeira pedra no 1943, deica o remate da outra torre granítica no 1957, a esencia da obra non perde chisco do seu significado. A prensa do 22 de xullo do 43, recolle o feito da inauguración das obras: «En la primera piedra se colocaron según costumbre las monedas hoy en uso, una bala de fusil aludiendo al final de nuestra campaña de liberación y una simbólica ramita de oliva... brazo en alto se entonó por todos los asistentes el Cara al Sol». O arquitecto encetaba a «Memoria del Templo de La Vera-Cruz del

Carballino y el Hostal del Peregrino» ca frase de «Hoc signo Vincis» debaixo do crismón, o párroco promotor da obra, don Evaristo Vaamonde, sulñaba na primeira ringleira do «Libro de Actas» a «jaculatoria» daquíl entón «Sagrado Corazón de Jesús...» O mestre constructor, Adolfo Otero, seguía ao pé da letra os planos do arquitecto e os consellos do promotor, mais Otero foi o que levóu o duro peso da obra á morte de Palacios, dous anos dempóis de escomenzado seu colosal proxecto.

Das penitencias, da emigración ás américas, do chameleto do wolfran, saíron cáseque os setenta millóns de pesetas que costóu a obra... cavillando que con soio dazasete mil pesetas se botóu don Evaristo a erguer o seu «Palacio de Dios».

SIMBOLOXIA DUN NOVO TEMPLO

Cada elemento arquitectónico de Antonio Palacios tén nos

planos da Vera-Cruz o seu significado, o simple cambio de nivel



A Vera-Cruz do Carballiño de nantes de que a especulación da construción se fixera co seu entorno.

no chan poden ser as tebras «del pecador» ou a gracia «del purificado»... en moitos íntres, non se soupo afinar co pensamento do arquitecto, dabondo craro na súa «memoria». A torre será como o cruceiro na encrucillada dos camiños de arrieiro do Carballiño, no adral interior está presente a arquitectura civil galega, os pazos, as torres dos nobres que levan cara ao grande arco parabólico —tres puntos distintos e un soio arco—, no que están os apóstolos, veleiúl as teorías de Gaudí, a parábola é, máis que un elemento arquitectónico, un xeito de expresión, dende ista chega «el fiel» á rotunda na que como unha «Summa» teolóxica se mistura o arte das peregrinacións a Compostela: Melón, Oseira, Armenteira... no centro estaría o pétreo baldaquino protexido por oito columnas esagonais ao xeito galego e que o arquitecto comparaba cos oito veciños de Oseira que no 1916 morreron

ametrallados ao defender o baldaquino do Mosteiro. Poucas cousas lle fuxen a Palacios do caletre na súa obra póstuma pra unha bisbarra da montaña galega: O Carballiño, o Templo Votivo do Mar, en Panxón, o arquitecto xa realizara un novo templo pra unha vila de mariñeiros, as torres serían como faros dun fisterra Atlántico; a arquitectura defensiva de Cresconio, o gótico dos franciscanos e dominicos, a arquitectura do mar, está presente ca súa simboloxía nista outra obra galega de Palacios.

O Plano urbanístico do Carballiño cavillaba Palacios como «El gran Carballino que la Vera-Cruz creará», mais ise Carballiño que medróu anormal na época da construción dos grandes embalses, da Persecución do Piloto, nas comunións dos nove primeiros vermes agarda un novo plan de urbanismo no que tan siquer se defenda o entorno dunha grande obra xa feita: a Vera-Cruz.

andando a terra

ENCOL DA «FESTA DO COCIDO», DE LALÍN

Pra defenderse do inverno e resistir xistras, neves, xeadas l o que veña, os de Lalín institucionalizaron a «Festa do Cocido». E desta parranda ou esmorga fixeron unha auténtica romería popular. Un rito sacro e solene no que os fideles son á vez tamén os oficiantes, que é como ún se divirte. Toda a vila de Lalín se enche de ledicia e de barullo. Os que chegan da veiramar, afeitos ó peixe —«a carne, carne cría que o peixe é auga fría», dice sabiamente un vello refrán labrego— case non poden creer o que ven os seus ollos, nin se sabe tampouco o que os seus bandullos poden soportar. A «Festa do Cocido» é un canto entusiasmado a vida. Un canto místico. Un hino apaixonado ó porco, que mantivo a tantas e tantas xeneracións de xente de noso, dende o probe e humilde touciño proletario deica ó raxo l o xamón que ilustraban as mesas dos fidalgos, abades, aldeás e vellos mosteiros de estensas e dilatadas posesións. O xamón, rei do porco e das carnes, capaz de facer virar un pleito, según o asinado e posiblemente esperi-

mentado dito popular. O xamón, na nosa língoa, ten un fermosísimo canto, escrito por Otero Pedraio, que constituíe un dos grandes logros da nosa poesía lírica como non podía ser menos:

Gloria do porco, froil da invernia, sona da casa, lapa de carne, xamón.

De rica alquimia Summa [suprema] (fariña, poma, landra, castaña!), xamón

Pai das artritis, das esclerosis, fidalgas doenzas do pazo. [antergo, xamón.

Como o pecado roxo e sabroso amolechiches ó funcionario, xamón.

A «Festa do Cocido» de Lalín recolle, nunha totalidade sintetizadora, a todo o porco, dende o rabo deica ó fuciño, servido en fontes a estilo «malla», é decir, dentro do máis enxebre xeito labrego e dentro da nosa máis anterga tradición gastronómica. Dempóis do cocido, veñen as filloas. E, como ramo e albaroque, a queimada que, cando este servidor era neno, na súa Terrá Chá, chamaban aínda «cailloubada». Pra facer a dixestión de tanto ben da terra, nada mellor que

a música das gaitas do país, que teñen o mesmo son agradoce que o sabor do viño do Ribeiro. Por unha estrana —ou cecáis non tan estrana— asociación de sensacións sempre, xunto ó son da gaita —especialmente da grilleira, que é a máis leda— o sabor do viño do Ribeiro. I é que cada ún tén os seus gustos.



Dempóis da festa, acaí l é preciso o paseo demorado por Lalín, esa pequena l engaiolante polls no corazón mesmo de Galicia, entre o Faro l o Píco Sagro, capital da ampla e fermosa bisbarra de Deza que, nos derradeiros anos, medróu dun xeito anárquico, desplazando ós ve-

llos centros labregos de Don Ramiro —onde naceu Laxeiro— e Don Seón. Lalín, cruce de camiños que veñen e van. Lalín, lugar pra demorar e andar as súas breves rúas que desembocan fronte a unha paisaxe labrega, fundamente traballada e humanizada, entre mol e agreste, limitada e coutada por montes azules e violeta —Testeiro, Chamor, Candán—; cruzada polo río Deza, cantador e lixeiro, que nace na Pena de Francia e vai morrer ó Ulla.

No corazón de Lalín están as estatuas que Asorei ergueu pra honrar e perpetuar a lembranza de dous homes ilustres, fillos desta terra. Frente a eirexa parroquial, a do sabio astrónomo don Ramón María Aller que lle déu a Galicia, no eido da Astronomía, renome universal. I a do aviador Loriga, que coído era de Prado, e que foi o que realizóu o primeiro vó ás Filipinas e cujo moimento é un avión invertido. Sería curioso e proveltozo establecer un paralelismo entre o astrónomo Aller l o aviador Loriga. A esta parella comprírla engadir aínda a figura de D. Xosé Rodríguez, célebre matemático, natural de Bermes, cúa biografía escribiu don Ramón María Aller.

O falar de Lalín é unha obriga a referencia ó «Naranxo», aquel fabulador estupendo a vagu-mundo, que vivía do que lle dabán e que era algo tolo, sobre cúa figura humana nos debe un libro Laxeiro. O «Naranxo» era dono de todo o diñeiro do mundo e de tódalas casas da terra. Un escritor da comarca fixo referencia ó «Naranxo» nunha novela e nun libro de contos. Con todo, non abonda. O «Naranxo» merece un libro. E Laxeiro podía escribir ese libro e facerlle as ilustracións.

Coido que Lalín l o seu siñificado trascendente está na pintura de Laxeiro. Nunca ningún pintor soupo espresar, como o fixo Laxeiro, o barroquismo natural, o trasmundo, o xungueamento home-terra, o senso do descoñecido e do misterioso que o home galego leva consigo. Laxeiro oxe siñifica moito na nosa cultura. Outro pintor de Lalín, Alfonso Sucasas, dono e mestre no oficio, é, oxe por oxe, ún dos máis importantes pintores nosos.

Un comenzóu este comentario falando da «Festa do Cocido» de Lalín e rematóu falando de pintores. De dous grandes pintores. I é que Lalín é así.

Por M. HORTAS VILANOVA

A FLORESTA DAS ADIVINHAS

No Meio da Floresta
havia uma adivinha.
Quem a adivinhava voltava para casa,
quem não a adivinhava nunca mais vinha.

A Sara gostava muito da casa
mais ainda gostava mais de adivinhas,
meteu-se pela Floresta sem nenhum receio
e só parou mesmo lá no Meio.

Ve se és capaz de adivinhar esta,
disse-lhe o Homem Mau Dono da Floresta:
Adivinha se vais voltar para casa ou se não
se vais ficar aqui para sempre presa ao chão.

A Sara também gostava muito das árvores
mas não queria ficar ali para sempre a arborizar!
Antes queria ficar menina e falar e andar
e ter as pernas soltas para saltar.

Se dissesse que ia voltar para casa
o Homem Mau dizia-lhe que não,
que ia ficar ali presa na Floresta,
e ela ficava mesmo porque não tinha adivinhado a adivinha.



Vais-me prender, disse então, a Sara, e o Homem Mau ficou muito atrapalhado com a resposta, porque se a prendesse ela adivinhava e tinha que ir para casa, mas se fosse para casa não tinha adivinhado e devia ficar presa.

A adivinha ainda podia ter solução, mas a resposta da Sara é que não. E o Homem Mau pensava no assunto com toda a força que tinha a ver se adivinhava como resolver a resposta é adivinha.

E tantos pensamentos o Homem Mau pensou, encheu a cabeça com tantos pensamentos que chegou uma altura que já lá não cabia mais nenhum e quando ele pensou em mais outro, a cabeça, pum!

Quem diz que se pode pensar muito e que os pensamentos não ocupam lugar de certeza que nunca pensou muito no assunto se não também acabava por rebentar...

A Sara libertou as árvores e nós ficámos a saber que uma maneira de ganhar também é forçar os homens maus donos das coisas a perder. (Se calhar não é nada disto mas também pode ser...)

Manuel Antonio Pina e João B.

TV

Chegaron tres novos subdirectores do televevo e fóronse catro directores de telediarios, que así lles chaman ás noticias de TVE. Seica hai un organismo que se chama «Consejo Rector de Radiotelevisión», composto por representantes do goberno e representantes do partido do goberno e da oposición parlamentaria: non se enteraron de nada neste conto. Vostedes cando lean estas liñas, ao mellor xa ouviron os nomes dos novos xefes dos telediarios. Supoñemos que non lles dirán nada de novo; nós, alomenos, non agardamos sorpresas: se se nomeou aos subdirectores da TVE sin contar con ninguén, promocionando a homes da casa que xa tiveron moito que ver con todo o que se vén criticando por todos, non se vai fiar máis fino agora. E nós non teremos por qué fiamos tampouco, pola mesma razón.

De todos xeitos, quen quixera ver nesta revolución «de palacio» un signo de esperanza pra Galicia, de seguro que xa dende o primeiro intre poñería os pés no chan: aos Eugenio Pena, Enrique Mariñas e compañeiros, non hai quen os dimita (e eles non parecen prestos a facelo). Do novo xerente de RTVE-G (se me permiten chamarlle así ás sucursais en Galicia da radio e televisión estatáls), do señor Losada, nunca máis se soupo. Ao mellor tamén o ascenden nesta crisis, nunca se sabe.

Mentras tanto, RTVE xa conta con xenerosos cretos no novo presuposto, pra tapar todos os buratos da faldriqueira de «Prado del Rey». A televisión do estado seguirá a ser a televisión do goberno, e non se pode esperar outra cousa nun ano no que se anuncian unhas eleccións municipais, un referéndum constitucional e quizaves se escomencen a preparar outras eleccións lexislativas, mentras van pasando as eleccións sindicais e se mantén ese «Pacto de La Moncloa» que uns cantos xefes de partidos firmaron por todos nós.

Dende a presentación desta

sección, no número cero da revista, xa pasaron á «historia» algunhas cousas. Por exemplo, «Un, dos tres» e «Fiesta». Que señan ben mortos e non teñamos que facerlles o cabodano. Non morreron aínda, en troques, outros programas coma aquil dos «300 millones», que máis semella doutra época, ou «Curro Jiménez». Hoxe imos falar un pouco deste derradeiro.

Nun xornal de Madrid falaban, hai cousa dun mes, dos milagres de Curro. O home é un bo tipo, non hai causa xusta que se lle escape; está fora da lei sempre, pero defende a xusticia, o ben, axuda ós probes. Naquil xornal do que lles falo, buscábanlle os tres pés ó gato e viñanlle chamar Adolfo a Curro. Poidera ser unha boa maneira de mirar a película isa dos domingos á noite: eis un home que busca o ben de todos, e logo non hai que poñerlle trampas, que sempre a sorte está con él. Hastra chegou a pasarse aos liberáis (ou pouco menos). Sería cousa de chamalo pra que veñan dar unha volta por aquí: non tén medo a ningún cacique, e ¡probes dos que o topan no seu camiño!


TEATRO

A polémica encol de se o Antroido pode ou non ser considerado un feito da cultura popular vencellable polas súas características ao teatro é vella, aínda que dun tempo a ista parte estivera particularmente viva entre nós.

Noustante, tanto polo seu carácter cíclico, coincidente na periodicidade e no tempo coas festas Dionisiacas que posiblemente deran orixen á traxedia e á comedia Gregas, como por isa dimensión de rito da fertilidade que aínda mantén en parte, no que natureza fértil morre e renace cada ano, como morre o Inverno e nace o vran, ou polo emprego da máscara coma forma de adopción dunha personalidade diferente; por pouco que se rabuñase nos antergos e discutidos orixes do Antroido, non samente a través disas caracte-

ísticas coas que se coñece dende escuras datas da Edade Media, senón tamén e sobre todo naquelas reminiscencias das festas paganas incorporadas ou asimiladas pola Igrexa dentro do ciclo festeiro que comprende hoxe; por todo e en todo isto, atoparíanse seguramente razóns máis que dabondo pra consideralo non samente vencellable ao feito teatral, senón mesmo inscribible con pleno dereito dentro das diferentes categorías do teatro popular.

Pero aínda que non fose así, aínda que os seus orixes non fosen coincidentes cos do teatro mesmo, como rito máxico primeiro e placenteiro despois, teríase por forza que voltar a ollada cara il nun senso teatral, polos valores que a ese nivel aparecen na forma que mantén hoxe. No pouco que queda dil, e particularmente no pouco que queda dil entre nós, poideran moi ben atoparse moitas das características infructuosamente buscadas pra sí por determinadas correntes da vangarda teatral actual. O alto grado de participación da xente como ente creador e non samente recep-



tor do feito teatral que se chega a alcanzar no Antroido de Laza, é difícilmente conseguible por calquera das propostas teatraís que hoxe en día son formuladas dende as élites. A rputura coa rixidez das paredes entre as que o teatro convencional vén sentíndose cada vez máis engaiolado, e que no mesmo Laza xa non existen, ao ser tomando todo o pobo como espazo aberto no que transcurre a re-

presentación, chega a adequerir unha movillidade tal no antroido do Val do Ulla, que lle permite desplazarse a través de parroquias e lugares distantes entre si kilómetros e kilómetros. A creación dunha realidade diferente, transformadora da vida cotiá, na que unha chea de supostos valores son completamente trocados por espazo de días enteiros, o senso da festa coma liberación, a capacidade crítica das comparsas ou dos testamentos, e sobre todo a asunción do protagonismo polo mesmo pobo, deica facer do Antroido un feito cultural dil, para il mesmo, non son senón mostras estimulantes dun teatro popular posible. Mostras vivas, aínda que moribundas, dunha capacidade teatral que se ben, coma no teatro mesmo, teñen moito de repetición sistemática, non carecen de forza creativa.

Eelementos do noso Antroido coma os suliñados, nos que problemas ou cuestións de fonda conflictividade teatral, presentes hoxe nas inxerencias de moitos teatraís, están perfectamente resoltos, deben ser motivo de investigación obrigada pra quens teñen por incorporar as súas propostas dramáticas, os achádegos e o lingoaxe dun pobo, que como o Galego, asumíu o Antroido cunha forza peculiar e moi ben poidera ter canalizado a través dil moitos dos impulsos vitais que posibilitaron o nacemento de grandes correntes de teatro popular no seo doutras culturas.

CINE

«La Parranda»

Desgraciada sorte a que corréu unha extraordinaria novela da nosa literatura, «A Esmorga», de Blanco Amor. Claro que a desgracia era previsible, tendo en conta diversos elementos previamente determinados: un director e co-guionista español-asturiano, Gonzalo Suárez, coas súas actitudes ideolóxicas e cinematográficas híbridas, o trasplante a un medio lingüístico e socio-cultural non galego, a readaptación que priva de coheren-

cia interna á historia, tan redonda e cavilada, da novela... o produto non podía ser máis que unha película que non é válida nin como documento social, nin como documento sociolóxico. Trátase samente dunha historia con persoaxes falsos, de comportamentos teatraís e esquemáticos, nun ambiente paisaxístico verduxo nada condicionante da historia, cun ar costumista superficial.

A historia da «Esmorga» tiña que ser tratada por alguén que conocera vital e culturalmente a realidade do noso pobo, ou por alguén que soupera deica qué punto a estrutura social e cultural determina a vida, a conduta e a conciencia da xente, incluídas as clases traballadoras. Non lle podería faltar tampouco a visión traxica de cómo a propia sociedade castiga brutalmente a quen padece as consecuencias do irracionalismo e da miseria que ela mesma produce. Ademais de todo isto, compriría a pericia de saber concretar, con intensidade, sin elementos superfluos, no linguaxe cinematográfico, o que se intenta contar. Polo contrario, «La Parranda» é a utilización dunha gran novela como anecdota, aínda enriba sin ser respetada nin siquiera a este nivel, xa que os pegotes disfuncionais, son evidentes. Consiste nun atentado contra do mellor espoñente que sobre do lumpemproletariado galego, a súa moral e a súa conduta, nos tén ofrecido a nosa literatura. Espoñente que acadaba a categoría de mostra do repertorio represivo que se xenera no contexto social, na mente das persoas e nas institucións ao servizo da ideoloxía dominante. O xogo de consciente e inconsciente era a outra das realidades que desvelaba a novela. Pero nada foi trasladado á película: nin o ambiente nin a atmosfera afofantes, nin o seu forte determinismo social, nin a espresividade sintética da mesma. O resultado era previsible e Eduardo Blanco Amor tiña que ser moi consciente do mesmo.

CARLOS SERANTES

axenda

ARTE

Antonio Saura: óleos e obra gráfica. Galería TORQUES. Santiago. (Clausura 4 de febreiro).

Kieffs: escultura. Galería GIANNINI. A Coruña.

Magena: collages, pinturas. Galería LUME. A Coruña. (Clausura 5 de febreiro).

Colectivo de Imaxe: pintura e fotografía. Galería LUME. A Coruña. (Inauguración o 5 de febreiro)

CINE

Vivir para vivir. Yves Montand e Annie Girardot.

Les Valseuses. Burt Reynolds e Robert Aldrich.

Yuppi du. Adriano Celentano e Charlotte Rampling.

La herencia Ferramonti. Anthony Quinn, Dominique Sanda e Fabio Testi

LIBROS

Laudamuco, señor de ningures. Ledainas pola morte de Meco, de

Roberto Vidal Bolaño. Teatro Galego. Pico Sacro. A Coruña.

Constitución y evolución del dogma. La teoría de Amor Ruibal y su aportación, de Andrés Torres Queiruga. Ediciones Marova, Madrid, 600 pts..

Aproximación al arte popular en Galicia, de Natache Seseña e outros. Cuadernos Seminario de Estudios de Sargadelos, n.º 23. Ediciones del Castro. 160 pts..

Gallego 1 e Gallego 2, do Instituto de la Lengua Gallega. Departamento de Publicaciones de la Universidad de Santiago de Compostela. Reedición.

Atlas geográfico de Galicia, Editorial Aguilar, Madrid.

Galicia, meridional romana, de Antonio Rodríguez Colmenero. Universidad de Deusto. Departamento de publicaciones. 1.500 pts..

O libro das baladas, de Manuel Marín, 125 pts..

39 poemas de Nicolás Guillén. Escolma, tradución, Ilmiar e notas de Xosé Neira Vilas. Edicións do Castro, 200 pts.

TEATRO

Castifeiras-Ribeira: «Metá e Metá» de X. Agrelo, polo grupo de teatro

CANDEA de Noia. Organiza a Asociación de Veciños de Ribeira o domingo, 5 de febreiro.

Aguíño-Ribeira: «O fado do espan-tallo» (traballo colectivo con mimo musical, sobor dun conto de X. Agrelo) e «O telegrama» (peza dramática orixinal de M. Fernández Núñez, alumno de B.º de E.X.B.) polo grupo de teatro infantil AGROCOBO de Esteiro

DISCOS

Sin rosar un lale de Suso Vaamonde. Xeira-Movie Play.

Raok Dilestra (denantes de desembarcar) de Alan Stivell. CFE

FEIRAS E MERCADOS

Vernes, 3: Toques, Vilarmajor, Travesas, Portomouro, Vilcuchada e Souto na CORUÑA; a cidade e Becerreá en LUGO; Barco de Valdeorras, Castro Caldelas, San Ciprián, Pitón, Pereira e Verín en OURENSE; e Caldas de Reis, Lalín, Moaña e Moscoso en PONTEVEDRA.

Sábado, 4: Mugarbos, Prebediños, Carral, Santa Comba, Mesón do Vento, Ardemiñ e Porto do Son na

CORUÑA; Castroncán, Momán, Friol, Gontán e Muras en LUGO; Macada e Porqueirós en OURENSE e Tui, e Vila de Cruces en PONTEVEDRA.

Domingo, 5: Illana, Valdoviño, Rianxo, Teixeiro, Ares, Arteixo, Carral, Muros, Noia, Negreira, Ribeira e San Saturnino na CORUÑA; Chantada, Fiolleda, Lousedo, Pedrafita, Barreiros, Viveiro, Cerro e Villaiba en LUGO; Cualedro, A Mezquita, Tombo e Beariz en OURENSE; e Forcaré e Ponte Caldelas en PONTEVEDRA.

Luns, 6: Oleiros, A Barqueira, Cerdido, Vilanova, Bembibra, Mazari-cos e Valladares na CORUÑA; Monforte, Roimil e Sarria en LUGO; O Barco, Cea e Sandiás en OURENSE; e A Cañiza, Redondela e Silleda en PONTEVEDRA.

Martes, 7: San Saturnino, Pino, Sobrado, Abegondo, Rus, Foca, Baio e Oroso na CORUÑA; Palas de Rei, na Cidade e Villares en LUGO; A Rúa, Ourense e Vilardevós en OURENSE e A Estrada en PONTEVEDRA.

Mércores, 8: Arzáa, Cabañas, Padrón e Aranga na CORUÑA; Escairón, Castro, Sober, Ribadeo e Guitiriz en LUGO; Bañar, O Bolo e Raigada en OURENSE e Vilatuxe en PONTEVEDRA.

Xoves, 9: Curtis, Valdoviño e Papadoiro na CORUÑA; Vilanova de Lourenzá e Parada de Montes en LUGO; Doade e Maside en OURENSE; e Guillerei en PONTEVEDRA

ACTOS

Lugo: Conferencia sobre «A Baixa Edade Media» por Anselmo López Carrera, co seguinte guión: «O esplendor cultural galego: os Cancioneiros. Análisis das clases sociais en Galicia. As loitas sociais: guerras irmandiñas. A conquista de Galicia polos «Reis Católicos»: resistencia da nobreza feudal e a súa derrota». Organizado polo Club Cultural Valle Inclán no local social (Ruiz de Alda, 25) ás 8 da tarde.

Pregamos ás Asociacións culturais, asociacións de veciños, círculos culturais, etc. nos comunicuen a programación de actos culturais e de todo tipo con quince días de antelación, co oxeto de poder dar cumprida información. Moitas grazas.

O Polígono de San Ciprián da Caixa de Aforros de Ourense

- Tres millóns de metros cuadrados dispoñen da infraestrutura axeitada.
- Cincuenta industrias instaladas cunha inversión superior aos 5.000 millóns de pesetas

O Polígono Industrial de San Ciprián de Viñas, debido á iniciativa da Caixa de Aforros Provincial, é hoxe unha positiva realidade, o núcleo industrial máis forte da provincia e o intento máis serio e real que se fixo nunca en favor da promoción industrial de Ourense.

Hai uns anos, a Caixa planeou e acometéu a realización deste Polígono, sobre unha extensión de 3 millóns de metros cuadrados. Promover o desenvolvemento industrial —moi escaso deica entón de facilidades e estímulo— e canalizar o aforro dos emigrantes cara a inversións que creen postos de traballo e poidan absorber —siquera en parte— o seu retorno, cando o regreso se produza, foron as máis fortes razóns que moveron á Caixa a emprender esta iniciativa.

520 MILLONS DE INVERSION

A Caixa adquiriu os terreos, creou a infraestrutura necesaria, e despois, ofrecéullo a baixo precio ás industrias ca extensión necesaria pra os seus fins, invertindo nesta tarefa 520 millóns de pesetas.

O Polígono está situado a 6,5 kilómetros de Ourense, en terreos do término municipal de S. Ciprián de Viñas, entre a carretera nacional de Villacastín a Vigo e a provincial de Ourense a Maceda. Crúzao, asimismo, pola banda sur, o ferrocarril Zamora-Ourense. Foi delimitado como chan industrial, según decreto 1890/1974 de 31 de maio, e incluído na Gran Area de Expansión Industrial de Galicia, según decreto de 5 de xullo de 1974.

Os terreos teñen unha extensión total de 3.250.000 metros cuadrados, cunha superficie útil de aproveitamento industrial de 2.500.000 metros cuadrados.

PRIMEIRA FASE

A Caixa de Aforros desenrolou o Polígono ao longo dos anos. Nunha primeira fase, realizou o vial xeral de penetración, redes transversais de circulación, dotación abundante de auga, por bombeo dende o Miño, colectores de evacuación de augas residuais e industriais, contando ca enerxía eléctrica necesaria pra calquera tipo de industria, ao dispoñer dunha subestación de transformación, de relación 132/20 KV e con capacidade 2 por 40 MVA. Sobor desta superficie de perto de 1 millón de metros cuadrados, instaláronse numerosas empresas.

Máis tarde —e merece especial mención pola súa importancia— a empresa Citroën Hispania S. A. adquiriu unha superficie de 56 hectáreas de terreo, onde instalou unha factoría do ramo da automoción, que en principio ocupa xa 900 operarios. Según os proxectos iniciais desta empresa, a plantilla pode chegar nun futuro a

4.000 persoas e a inversión superará os 2.500 millóns de pesetas.

COLABORACION CON «SIGALSA»

En xullo de 1976 firmase un contrato de colaboración entre a Caixa de Aforros Provincial de Ourense e SIGALSA, sociedade constituída coa finalidade de promover a creación de chan industrial en Galicia e na que participan as Caixas de Aforros galegas, varias entidades bancarias e SODIGA.

SIGALSA comprometéuse á urbanización do resto do Polígono, de maneira que seña apto pra ubicación de futuras industrias, a colaborar na súa promoción e xestión, crear normas reguladoras pra urbanismos e usos do mesmo, así como á implantación de servizos xerais, estación depuradora de residuais e apartadeiro de ferrocarril. En definitiva, unha planificación de conxunto, un auténtico Plan Parcelal do Polígono.


Os resultados non se fan esperar. Sobor de 25 hectáreas de terreo realizáronse obras por importe de 45 millóns de pesetas, en 6 meses. Un movemento de terra de 85.000 metros cúbicos, instalándose iluminación pública, así como as correspondentes redes de auga potable, enerxía eléctrica, teléfono e alcantarillado. O número de parcelas inicialmente previstas nesta fase é de 32, cunha extensión mínima de 1.500 metros cuadrados, susceptibles de agrupación.

Nesta fase urbanizadora, en colaboración Caixa-SIGALSA, vendéronse xa 84.500 metros cuadrados, que representan un 40 por cen do terreo útil. Deles, 35.000 foron adquiridos por «FUNDIALSA» (Fundiciones de Aluminio, S. A.) pra instalación dunha factoría de fabricación de aluminio fundido, que ocupará a 400 persoas.


O POLIGONO HOXE

O Polígono Industrial S. Ciprián de Viñas é hoxe unha realidade da que os ourensanos podemos sentirnos orgullosos. Rexistráronse últimamente novas solicitudes pra instalación de factorías, que se suman ás xa existentes nun amplo abanico de ramos, entre os que se contan a automoción, madeira e derivados, cerámica dieléctrica, metálicas, forxa e fundicións, mecánicas, calzados, cervezas, mueblería, fibras sintéticas, central leiteira e clasificadora de ovos, manufacturas de papel de plástico, talleres mecánicos, carrocerías, eléctricas, tornillería, confeccións e outras máis que sería moi longo enumerar.


En total, superan as cincuenta empresas, cunha inversión total pode calcularse moi por riba dos 5.000 millóns de pesetas. Algo que hai aínda moi poucos anos os ourensanos non terían nin remotamente soñado.— R.



VISTA PARCIAL DO POLIGONO



FABRICA DE CERVEZAS «SAN MARTIN»



FABRICA DE TABLEIROS «OREMBER»

A NOSA TERRA

O ANTROIDO

«Anque chova e anque neve
a morena ha de saír»

O Antroido, ou Entroido, abrangue dúas semanas e media. Comenza o Domingo Fareleiro, que no calendario relixioso corresponde ao de Septuaxésima. Sigue co Xoves de Compadres, Domingo Corredoiro, Xoves de Comadres e logo os tres días grandes: Domingo, Luns e Martes de Antroido, pra rematar co Mércoles de Cinza. Pero en Laza o ciclo abríase, has tra hai pouco tempo, no Aninovo, cunha cencerrada.


En Laza desapareceron dous dos elementos máis enxebres do Antroido: o Enterro da Sardiña e o «*maragato*». Este persoaxe téñ moitas semellanzas co «*pharmakos*» grego. Na súa significación máis ampla, era o «*chivo espiatorio*» da comunidade. Tratábase dun veciño vestido con roupa vella e emporcallada. Era obxecto de toda caste de aldraxes, mesmo físicos. Persegúano a bulleirazos e contan en Laza que algún téñ pasado os tres días da festa pechado nunha corte.

Os persoaxes principais e máis característicos do Antroido de Laza son os peliqueiros. O peliqueiro é unha máscara fustigante, das que tantas testemuñas e exemplos hai na Península. E unha máscara moi ben vestida, cun rechamante traxe que ao longo do tempo foi sufrindo transformacións. Hoxe viste camisa branca e garabata, unha chaquetiña semellante á dos toiros, con galóns dourados; un pano de rechamantes cores cubríndolle os hombros, polainas de lá branca hastra os xionllos, encaixes, flecos e borlas; medias de lá brancas ou de cór; dúas faixas de cór superpostas e por riba o cinto, do que penduran as chocas. Logo leva unha careta de madeira (chamada cabaco) con mitra, e pel cubríndolle a testa. Na man leva un pau cunha pelica coa que bate na xente. Estes últimos son os elementos esenciais do peliqueiro: as chocas (sempre en número de seis), o cabaco e a pelica. Atributos que son tamén os dos «*kalogeroi*» da Grecia anerga. O peliqueiro nunca vai paseniño, senón correndo a brincos, rítmicamente, semellando en certo xeito o trote dun cabalo. E máxima autoridade, todos teñen que se afastar ao seu paso e ninguén lle pode tocar. Coa pelica malla en quen atope diante, especialmente nas mulleres, coma vestixio dun anergo rito da fertilidade.

Os peliqueiros preséntanse o Domingo de Antroido, pola mañá, á saída da misa. Chámase «*a estrena*». Hastra hai poucos anos aparecían xa no Aninovo.

A mañá do Luns é a da xitanada. Mozos e mozas percorren o pobo ao lombo de mulas. Antes, a xitanada era cousa exclusiva das mulleres casadas. Vestíanse de homes e simulaban os tratos e conversas dos feirantes. Noutros lugares, ese día exclusivo das mulleres é o Xoves de Comadres, no que bellan soías, fan un moneco de palla e logo quéimano.

O serán do Luns é especialmente importante. De Cimadevila, lugar perto de Laza, baixa a «*Morena*». A «*Morena*» é a personificación dunha vaca. A súa estrutura consiste nun pau longo de salgueiro que leva nun extremo unha testa de vaca feita de pau de carballo, cuberta de pel, con cornos e cuns panos por ollos e língua. Do outro extremo pendura o rabo. Un veciño de Laza sostén o pau horizontalmente sobor do homeiro, cun cobertor por riba. Atopámonos diante



MIGUEL PEREZ ROMERO

A orixe do Antroido haina que buscar nas festas agrarias anergas, e dun xeito especial nas gregas. O paralelismo con certas festas agrarias aparece evidente. Agora ben, isto non significa que o Antroido seña, sin máis, unha «*supervivencia*» de festas prehistóricas. Hai que ter en conta unha evolución e transformación, ao tempo que unha reordenación dos elementos do Antroido en función do cristianismo. Este foi un fenómeno polarizador. Non se pode entender o Antroido, e sobre todo dende a Edade Media, se non é en relación coa Cuaresma. Esta determina nel unha fixación temporal pero tamén, o que é aínda máis importante, de contidos. A oposición Antroido/Cuaresma é un produto de cristianización, pero baixo dela hai outra oposición máis importante e fundamental, máis xeral e anterior: tempo profano/tempo sagro. E nesta están implícitas outras: fartura/abstinencia, desenfreno/orde, licenza/prohibición, etc. O Antroido ten unha función liberadora de enerxías reprimidas que se reflexan ou realizan de xeitos diversos. E aquí atopamos tamén relacións coas festas agrarias gregas: subversión do orde establecido, inversión dos valores, fusión dos contrarios, licenza sexual, sátira, bulra, profanación, enchentas, etc.

dun elemento de capital importancia, xa non do Antroido de Laza senón do Antroido en xeral. Se aquí se presentan en forma de vaca, noutros sitios é de forma semellante. O modelo: un animal centro de atención dun «*como*», dun desfile. O desfile da «*Morena*» fórmano os vellos e mozos que dende Cimadevila baixan acompañándoa. Algúns van con toxos e cobelleiros, cos que azurran a quen atopan diante, e outros levan sacas con cabalarías (formigas xigantes) que misturadas con borralla, lle guindan a mancheas á xente. Ao chegar a Laza a «*Morena*» forma contra ás mulleres, tentando de lles levantar as salas. De novo un xesto ritual propiciatorio da fertilidade.

Na tarde do Martes, o día grande da festa, o máis notable é a lectura do «*Testamento do Burro*», comentario satírico, versificado, de todo o que aconteceu no pobo durante o ano, e no que ninguén queda libre de crítica. Este é outro dos elementos típicos do Antroido. Ao tempo que se reparte o animal morto, fanse alusións satíricas á vida da comunidade, criticándose vicios, defectos ou comportamentos. Unha variante do testamento é o sermón, coa mesma finalidade.

Aparte das enchentas e o baile, constantes do Antroido, é costume botarlle á xente fariña, farelo e borralla e enzoufalle a cara ás rapazas con betume ou tisne. Nos momentos de acougo, cando hai menos alxelrada na rúa, os peliqueiros percorren o pobo, entrando nas casas de todos os veciños, onde son convidados a probar a bica, torta feita de fariña e ovos e a probar un vaso de viño. Nestes días, todas as portas están abertas, e cadaquén pode xantar onde lle pète. E clara a importancia que isto téñ de cara á cohesión e estreitamento dos lazos da comunidade. Todos son convidados de todos, ninguén se sente ofendido por ninguén e lévanse sempre con bó humor as bromas, algunhas delas inda ben pesadas, que fora deste tempo non se consentirían, e que nin tan siquer se argallarían. Hai lugares, por exemplo, onde se rouba o pote da comida ou se cambian as cousas de sitio ou se trancan portas e entradas (bromas que noutros lugares se fan polo San Xoán, o que non é casual, xa que ésta é outra festa agraria, do cambeo de estación, cristianizada). Tampouco ninguén se sente ofendido por aparecer aludido no testamento, no sermón ou nas cantigas satíricas.

Os lazanos gábanse moito, e penso que con razón, do seu Antroido. E escóitaseselles cantas con frecuencia, nestes días:

«*Catro cousas hai en Laza
non as hai en toda a Terra,
pillqueiros, maragatos,
as formigas e a morena.*»

E tamén:

«*Anque chova e anque neve
a morena ha de saír.*»

Algúns vellos lémbrense doutro persoaxe hoxe desaparecido: o «*albardeiro*». Levaba unha albarda e trataba de lla por enriba aos que atopaba polo camiño.

O Antroido de Laza non é, nin moito menos, un caso especial. Non é, tampouco, un «*modelo*». Os mesmos elementos, e outros que non aparecen nel, atópanse noutros lugares, con variantes ou ordenados nun conxunto diferente, pero a significación última é sempre, en todos os casos, a mesma. A sinxela enumeración de exemplos xa sería longa. Semellantes aos peliqueiros, aínda que non tan ricazmente vestidos coma eles, temos aos «*cigaróns*» (nome que tamén se lles da en Verín aos peliqueiros), «*borralleiros*», «*irrios*», «*charrúas*», «*troteiros*», etc.

Un Antroido diferente ao de Laza, por non citar máis que un exemplo, é o de Merza. O máis vistoso deste Antroido son os «*altas*» dos «*xenerales*», cada ún ao fronte do seu exército. Levan a cabo unha loita verbal, a cal máis inxenioso e ferinte, en respostas e contrarrespostas versificadas. Pero hai aquí outros elementos máis importantes, percisamente por atopárense tamén noutros lugares. Son o «*vello dos cornos*», que leva a cara tapada cunha pelica e na man un pau con cornos de boi, e o «*sermón*», unha variante do «*testamento*». Tamén habería que falar, por exemplo, de máscaras como as «*madamitas*», de costumes como a de «*correr o galo*», do da Cuaresma personificada como vella que pare ou leva peixe, e de moitas outras cousas...